

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de xuño de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Lucia Molares Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día catro de xuño de dous mil sete e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(936).- ACTA ANTERIOR. Apróbase as actas da sesión extraordinaria e urxente do 24 de abril, sesións ordinarias do 30 de abril e 7 de maio e extraordinaria e urxente do 8 de maio de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(937).- AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN Nº 152/2005 INTERPOSTO POR D. VICTORIANO MOLDES RUIBAL CONTRA SENTENZA DO TSXG EN RELACIÓN COS PREGOS DE CONDICIÓNS E CONCESIÓN DA PRAZA ELÍPTICA. INADMISIBLE.

Dáse conta da sentenza de data 11.11.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictada no recurso contencioso-administrativo nº 2/6149/1998, que falla o seguinte:

Que rexeitando as alegacións de inadmisibilidade formuladas, estimamos parcialemnte o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Victoriano Moldes Ruibal S. A. contra acordo do Concello de Vigo de 29.05.98, sobre adxudicación da concesión administrativa de dominio da Praza Elíptica, e contra o acordo municipal de 27.01.98 de aprobación definitiva do prego de condicións técnicas e cláusulas administrativas particulares con base no cal se adoptou tal acordo de adxudicación, e en consecuencia, anulamos os mencionados acordos de 27.01.98 e 29.05.98, as cales son contrarios a Dereito; con desestimación das restantes pretensións; sen custas.

Así mesmo, dáse conta do auto dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, de data 6.07.07, no recurso de referencia, que di o seguinte:

Declarar a inadmisión do recurso de casación interposto pola representación procesual de Prazadouro S.L.; excmo. Concello de Vigo e Oreco S.a. contra a sentenza de data 11 de novembro de 2004 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo /Sección Segunda) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dictada no recurso nº 6149/1998, resolución que se declara firme; con imposición á parte recorrente das custas procesuais causadas neste recurso.

Visto o informe emitido polo letrado, do 11.04.07, conformado polo titular de Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local acorda:

Quedar enterada do contido da sentenza e do auto, do que deberá darse conta ó Servizo municipal de Patrimonio, que deberá iniciar as actuacións tendentes a súa execución, sen prexuízo do que poida resultar canto a admisión do recurso de amparo interposto e da suspensión solicitada nel da execución da sentenza.

3(938).- AUTO DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN Nº 8/5037/2006 INTERPOSTO POR D. DIEGO LUIS QUINTA LORENZO SOBRE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DECLARAR DESERTO O RECURSO.

Dáse conta do auto de data 19.03.07, dictado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia que na súa parte dispositiva acorda o seguinte:

Primeiro.- Declarar deserto o presente recurso de casación preparado polo procurador D./Dª Silvia Barreiro Teijeiro, en nome e representación do recorrente Diego Luis Quinta Lorenzo, contra resolución de data 18.04.05, deictada pola sección segunda do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no recurso número 0005051/2001, con devolución das actuacións recibidas.

Segundo.- Tense por personados e parte en calidade de recorridos o procurador D. Miguel Torres Alvarez en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo e Dª Katuska Marín Martín en nome e representación de Gimnasios Pazos S.A., enténdanse con eles as sucesivas dilixencias no modo e forma que prevén a lei.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

4(939).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 499/2006 INTERPOSTO POR D. ANEL RODRÍGUEZ ATILLO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 17.03.07, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva dispón o seguinte:

Tense por desistido e apartado ó demandante Angel Rodríguez Atillo, da prosecución do presente recurso, que se declara rematado no seu actual estado de trámite; firme que sexa a presente resolución procédase ó arquivo das actuacións no cartapacio que corresponda, previa devolución do expediente administrativo ó organismo de orixe, xunto co testemuño da presente resolución. Sen facer expresa imposición en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

5(940).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 442/2006 INTERPOSTO POR D. DEMETRIO MATEO GAYA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 16.03.07, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva dispón o seguinte:

Tense por apartado e desistido ó demandante D. Demetrio Mateo Gaya, da prosecución do presente recurso, que se declara rematado no seu actual estado de trámite, firme que sexa a presente resolución procédase ó arquivo das actuacións no cartapacio que corresponda, previa devolución do expediente administrativo ó organismo de orixe, xunto co testemuño da presente resolución. Sen facer expresa imposición en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

6(941).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 447/2006 INTERPOSTO POR D^a. M^a CARMEN OTERO SANTOS CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 16.03.07, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva dispón o seguinte:

Tense por desistido e apartado á demandante D^a. María del Carmen Otero Santos, da prosecución do presente recurso, que se declara rematado no seu actual estado de trámite; firme que sexa a presente resolución procédase ó arquivo das actuacións no cartapacio que corresponda, previa devolución do expediente administrativo ó organismo de orixe, xunto co testemuño da presente resolución. Sen facer expresa imposición en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

7(942).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 135/2006 INTERPOSTO POR D. PABLO FRANCISCO MADERA SEOANE CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. REMATADO O PROCEDIMENTO.

Dáse conta do auto de data 3.04.07, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva dispón o seguinte:

Declárase rematado o presente procedemento interposto por D. Pablo Francisco Madera contra Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual. Arquívase o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demandada.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta os Servizos de Seguridade e Recadación.

8(943).- AUTO DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 137/2006 INTERPOSTO POR D^a. ELISABETH BASTOS VILA CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. REMATADO O PROCEDEMENTO.

Dáse conta do auto de data 3.04.07, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva dispón o seguinte:

Declárase rematado o presente procedemento interposto por D^a. Elisabeth Bastos Vila contra Concello de Vigo por existir satisfacción extraprosesal. Arquívese o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expediente administrativo á demandada.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta os Servizos de Seguridade e Recadación.

9(944).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 253/2006 INTERPOSTO POR D^a. YOLANDA M^a AGUIAR CASTRO EN RELACIÓN COA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN CONTRA O ORZAMENTO DO 2005 . ESTIMADO EN PARTE.

Dáse conta da sentenza de data 23.04.07, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Yolanda María Aguiar Castro Fonte o Concello de Vigo seguido como proceso abreviado número 253/06 condenando á Administración demandada a aboarlle á recorrente aquelas cantidades adebedadas en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados no seu día á Administración municipal demandada, sempre que foran obxecto de informe favorable previo nos términos xa fixados nesta resolución, así como no seu caso ó aboamento de aqueles trienios que se percibiran, sendo ambos conceptos susceptibles de fixarse e acreditarse suficientemente en execución de Sentenza, todo isto sen condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que, visto o informe emitido polo letrado, do 3.05.07, conformado polo titular de Asesoría Xurídica, deberá darse conta ó Servizo de Persoal para estudar a súa execución voluntaria ou anticipada, ou para preparar o incidente executorio.

10(945).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 99/2006 INTERPOSTO POR D. JOSE MANUEL GONZÁLEZ UCHA ACORDOS DA X.GOVERNO LOCAL SOBRE CONVOCATORIO DE CONCURSO DE TRASLADOS DO ANO 2005. INADMISIBILIDADE PARCIAL.

Dáse conta da sentenza de data 23.04.07, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que na súa parte dispositiva dispón o seguinte:

Declaro a inadmisibilidade parcial do recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de José Manuel González Ucha no que se refire á impugnación da resolución municipal de 10.04.06 pola que se rectificaba a Relación de postos de traballo do Concello, publicada no BOP de 12.05.06; declaro admisible o recurso nos seus demais extremos, aínda que DESESTIMO o mesmo no fondo, declarando conformes a Dereito as demais resolucións atacadas e enriba indicadas, sen condena en custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Persoal.

11(946).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/1324.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 23.05.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Elisa del Palacio Suris.

12(947).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 A COSTE CERO DA “AUTOMATIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE SANEAMENTO DE VIGO”. EXPTE. 41632/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador da Área de Servizos Xerais, do 28.05.07, que di o seguinte:

Con data 26 de xullo de 2005, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de adjudicar o expediente 41632/250 “AUTOMATIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE SANEAMENTO DE VIGO” á Unión Temporal de Empresas formada por las entidades ACT SISTEMAS S.L. e VIMAC S.A. por un prezo de 1.198.038,52€.

Unha vez iniciadas as obras, comprópanse pequenas inconcrecións de partidas do proxecto que o fan, en parte, inviable. Debido a isto, plantease a necesidade de proceder á redacción do presente proxecto modificado, co fin de recoller as variacións producidas respecto ao proxecto primitivo, pensando en substituir partidas ou unidades de obra previstas por outras ou axustando as medicións das distintas unidades de obra de tal xeito que non exista incremento económico da obra.

A documentación do proxecto considérase completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunido todos os requisitos exigidos pola lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño (BOE 21.06.2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (BOE 26.10.2001) polo que se informa favorablemente e propónse a súa aprobación aos efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobado o proxecto modificado a “coste cero” da Automatización das Instalacións de Saneamento de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(948).- SOLICITUDE DE CUALIFICACIÓN COMO ILE (INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO) DO PROXECTO EMPRESARIAL DE D. ANDRÉS LUÍS CASTRO GARCÍA. EXPTE. 4472/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 25.05.07, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Promover ante a Consellaría de Traballo, a cualificación como Iniciativa Local de Emprego do proxecto empresarial denominado “PAELLAS IMPERIAL”, sendo necesario para isto a participación municipal, que consistirá no seguinte:

- Apoio polo equipo do Servizo de asesoramento a emprendedores/as (SAE) do Concello de Vigo, que por parte dos Axentes de emprego de desenvolvemento local (ADLs) asisten na preparación e confección da memoria e proxecto de viabilidade empresarial da iniciativa, así como no asesoramento para levar a cabo os trámites para a posta en marcha de dita iniciativa empresarial, e axuda na posterior solicitude das subvencións correspondentes ante a Consellería de Traballo.
- Terá preferencia, de acordo coas correspondentes bases reguladoras, na concesión das axudas municipais á creación de empresas ás que de ser o caso opte.

14(949).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE XESITÓN DA CASA MUNICIPAL DE ACOLLIDA. EXPTE. 2905/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica da Oficina da Muller, conformado pola técnica de Admón. Especial do Servizo de Contratación, pola concelleira delegada de Muller e polo interventor xeral, que di o seguinte:

“O Grupo de Estudos sobre a condición da Muller-Alecrín” ten adxudicado o contrato de xestión da Casa Municipal de acollida para mulleres maltratadas dende o 1 de xaneiro de 2004. A Xunta de Goberno Local nas sesións celebradas o día 23 de xaneiro de 2006 e o día 22 de xaneiro de 2007 aproba sendas prórrogas do contrato por un periodo de un ano cada unha. A última prórroga finaliza o 31 de decembro de 2007.

Como establece a cláusula 3ª do prego de condicións administrativas que rexen o contrato: “procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerán a variación que experimente o IPC nacional no período comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior.”.

O Prezo do contrato para o periodo de xaneiro a decembro de 2006, ambos incluídos foi dun importe de 312.379,43.-€, desglosado en:

** Cota fixa: 177.534.- €*

**Cota variable praza ocupación/día: 11,02.-€ (máximo 31 prazas ocupadas durante 365 días)*

**Diñeiro de peto: 9.000.-€*

Consultado o IPC xeral na paxina oficial do Instituto Nacional de Estadística correspondente ao periodo de decembro de 2005 a decembro de 2006, resulta que o índice a aplicar nas facturas da adxudicataria dende o 1 de xaneiro de 2007, é dun 2,7%.

Polo tanto:

O prezo do contrato aplicando a revisión de prezos para o período de xaneiro a decembro de 2007 é de:

- Cota fixa: $177.534 \times 2,7\% = 4.793,42.-\text{€}$ (cota fixa anual resultante: $182.327,42.-\text{€}$)
- Cota variable: $11,02 \times 2,7\% = 0,30.-\text{€}$
- 31 prazas ocupación máxima $\times 365$ días $\times 0,30 = 3.394,50.-\text{€}$

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local:

“1º.- Aprobar a revisión de prezos do contrato de xestión da Casa Municipal de acollida para mulleres, durante o período de contrato de xaneiro a decembro de 2007, ambos incluídos, aplicando o IPC de 2,7%, de acordo coa cláusula terceira do prego de condicións administrativas que rexen o contrato.

2º.- Aprobar os gastos de 8.187,92.-€ con cargo á partida presupostaria “Casa de Acollida” 463 2227 0602 e bolsa de vinculación xurídica do presuposto vixente.”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(950).- CONCESIÓN PREMIOS DAS “INICIATIVAS MUNICIPAIS PARA PROMOVER A EDUCACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DE NENAS E NENOS NO ÁMBITO ESCOLAR”. EXPTE. 2927/224.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica do Departamento da Muller, do 30.05.07, conformado pola concelleira delegada da Muller, que di o seguinte:

A Concellería da Muller no mes de abril de 2007 difundiu entre todos os centros de ensino de Educación Primaria e Secundaria da cidade as Iniciativas Municipais para promover a Educación en Igualdade de Oportunidades de nenas e nenos no ámbito escolar. As dúas iniciativas convocadas foron: “I Concurso Educación pola Igualdade: Visualizando novas realidades” dirixida ao alumnado de primaria e secundaria e “Incentivos para promover accións que favorezan a igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista” dirixida ao centros educativos”.

As bases de ámbas as dúas convocatorias aprobáronse na sesión da Xunta de Goberno do día 16 de abril de 2007.

Logo de finalizar o prazo previsto nas convocatorias presentáronse 2 centros de ensino para participar no “I Concurso de educación pola igualdade: visualizando novas realidades”. Unha vez constituído o xurado e valorados os traballos individuais presentados polo alumnado dos centros de ensino dictaminase o fallo concedendo os premios na categoría de primaria e deixando deserto a categoría de Secundaria e a convocatoria de Incentivos para os centros de ensino, tal e como recolle a acta do da valoración do xurado anexa ao presente expediente. Así os 3 premios do “I Concurso educación pola Igualdade: visualizando novasa realidades” na categoría de Educación Primaria otorgáronse a : Iván Núñez Pérez (alumno de 5º de Primaria no centro de ensino “A Doblada”, Marcial Barros Gradín (alumno de 4º de Educación Primaria no centro de ensino “Atalaya-Cantabria” e a Ángela Fernández da Silva (alumna de 6º de Educación Primaria no centro de ensino “A Doblada”).

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local:

“1º Conceder a Ivan Núñez Pérez, Marcial Barros Gradín e Ángela Fernández da Silva o Primeiro, Segundo e Terceiro premio respectivamente do “Concurso educación pola igualdade: visualizando novas realidades” na categoría A) Educación Primaria.

2º. Conceder unha mención especial ao Centro educativo “A Doblada” e a mestra Susana Costas González por participar e tutorizar o traballo que obtivo o primeiro premio.

3º Declarar deserto a convocatoria de “Incentivos para promover accións que favorezan a Igualdade de oportunidades e a eliminación de elementos de discriminación sexista nos centros de ensino” e o “Concurso educación pola igualdade: visualizando novas realidades” na súa categoría de Educación Secundaria”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(951).- SOLICITUDE DE “PAZO DE CONGRESOS S.A.” DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DA OBRA PÚBLICA E DE SUSPENSIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO CONXUNTO ARQUITECTÓNICO DA EDIFICACIÓN MENTRAS NON RESOLVESE A AUTORIZACIÓN DO MESMO.EXPTE. 605/410.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe da Área de Contratación, do 30.05.07, que di o seguinte:

O 12 de abril de 2007, a sociedade concesionaria do contrato de concesión da obra pública do Auditorio – Pazo de Congressos de Vigo, presenta a solicitude de modificación do contrato de concesión da obra pública e de suspensión do prazo de presentación do proxecto de execución do conxunto arquitectónico da edificación mentras non resolverse a autorización do mesmo, en contestación o correo electrónico remitido polo que suscribe o día tres do mesmo mes, no que ante a demora que producíase na redacción do proxecto de execución orixinada pola aparición no subsolo da parcela de “roca de gran abrasividade” non prevista nos estudos previos e ante os anuncios feitos pola mesma nas reiteradas reunións mantidas coa Dirección Facultativa da obra e os Técnicos do Concello, instáballes a que no suposto de que seguisen mantendo que existían causas motivadas e xustificadas que impliquen a tramitación dun expediente de modificación do contrato presentasen co carácter urxente a correspondente documentación na que xustificasen o seu dereito.

Achegan a solicitude a correspondente documentación técnica á que incorporan un informe dos autores do proxecto sobre o estado actual da parcela, fechado o 29 de marzo de 2007, outro sobre os efectos o danos colaterais nos inmobles colindantes durante a excavación orixinados pola existencia de grandes volúmenes de roca e un resumo sobre as conclusións da asistencia xeotécnica.

A documentación técnica remitiuse ao Inxenheiro Xefe de Vias e Obras para que en súa calidade de coordinador dos aspectos técnicos do contrato de concesión da obra pública emitiese o correspondente informe previo para que, en cumprimento estricto das disposicións legais reguladoras da contratación pública, a Dirección Facultativa da obra – UTE CESAR PORTELA – IDOM presente a Memoria explicativa que xustifique a desviación que motive a modificación do contrato.

Unha vez coñecido o alcance dos termos da modificación poderá valorarse xurídicamente si a modificación ven orixinada por razóns de interese público debidas a causas imprevistas e xustificadas, por ser esta o único suposto no

que permítase a modificación dun contrato unha vez perfeccionado o mesmo, e que estas causas non estén previstas nos pregos reguladores do contrato, xa que sin ter intención de prexuzgar pode ser que a solución da posible alteración do contrato esté resolto nos mesmos.

Debido a que a tramitación da solicitude conleva un tempo e que o prazo da presentación do proxecto de execución foi fixado para o día 7 de mayo de 2007 e, que no suposto de admitirse a modificación do contrato, as modificacións a introducir no proxecto incidirían sobre o conxunto da edificación, o incidir na supresión parcial do tercer sótano destinado ao garaxe aparcamiento e reordenación dos diferentes usos dotacionais e comerciais no edificio, a Xunta de Goberno Local, en súa calidade de Órgano de Contratación do Concello na sesión de 23 de abril de 2007 adoptou o acordo de:

“Interrumpir o computo do prazo de presentación do Proxecto de Execución do Conxunto Arquitectónico do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo con efectos do día 12 de abril de 2007 polo período de tempo que transcurra dende dito día e a data de resolución da solicitude de modificación do contrato presentada, expediente o que tramitaraase polo procedemento de urxencia, e procederáse a efectuar as notificacións e comunicacións tanto coa Dirección Facultativa da obra como coa sociedade concesionaria a través do chamado correo electrónico”

O Inxenheiro de Caminos, Canles e Portos Municipal, coordinador das obras do Auditorio – Pazo de Congresos emitiu o seu informe con data de 3 de mayo de 2007 do que se fan as seguintes conclusións:

a) Respecto a dureza e volume da roca existente no subsolo non se aportan datos no estudio xeolóxico de 2006 que modifiquen o estudio xeotécnico do ano 2002 incorporado ao Prego de Condicións Técnicas regulador do concurso na condición 12, resultando ser súas condicións incluso máis favorables as previstas e que incrementarse o volume da roca a extraer tan so produciríase un maior coste da unidade da obra e un maior prazo da execución do proxecto.

b) Respecto aos retranqueos dos elementos de contención aos lindeiros da parcela e a modificación da su tipoloxía poden entenderse como imprevistas e poderían solucionar os problemas de reposición de servizos e os accesos a naves existentes en Jacinto Benavente e, respecto aos accesos o aparcamento polo Tunel de Beiramar carécese de datos do mesmo suxiríndo a posta en contacto coa Xunta de Galicia para o estudio das diferentes posibilidades que poideran plantearse.

Dado traslado vía “e-mail” do acordo da XGL e do informe técnico ao Director xeral da sociedade concesionaria, ao Director técnico da obra e a Dirección Facultativa para que si a Dirección Facultativa estimase que existían as causas técnicas e xurídicas previstas no Art. 101 do TRLCAP pousiesen ao Órgano de contratación do Concello os termos da modificación do contrato nun prazo non superior aos 15 días.

O 22 de mayo pola Dirección Facultativa se presenta unha documentación a que denominan Memoria Técnica Proyecto Modificado, que ten por obxecto “exponer al Concello de Vigo los motivos que justifican la modificación del proyecto básico y del proyecto de cimentación aprobados por la Junta de Gobierno del Concello solicitada por la Sociedad “Pazo de Congresos de Vigo, SA” á que o coordinador municipal das obras informa o 23 de mayo que reiteran o contido da documentación xa informada e plantexan unha modificación na distribución dos usos previstos na denominada Zona Complementaria de explotación comercial e ratifícase no seu anterior informe e en canto a modificación dos usos, sen entrar na súa valoración, dí que no ha de entenderse como unha causa de modificación de proxecto senón como unha consecuencia necesaria no suposto de que dita modificación fose aprobada co fin de axustarse as superficies dos usos previstos no Anteprojecto e nos pregos de condicións do concurso.

Convén antetodo cabe precisar cal é o natureza xurídica aplicable ao contrato e a partires de aquí determinar o seu réxime xurídico, xa que a a interpretación do mesmo pode ser diferente en canto as matizacións propias de cada un

dos contratos administrativos, sen obviar, dende logo, á aplicación directa do contido do Art. 101 do TRLCAP regulador, con carácter xeral, do réxime das modificacións dos contratos públicos unha vez perfeccionados, que dí:

“Una vez perfeccionado el contrato, el órgano de contratación, solo podrá introducir modificaciones por razón de interés público en los elementos que lo integran, siempre que sean debidas a necesidades nuevas o causas imprevistas, justificándolo debidamente en el expediente.”.

Artigo que é interpretado con carácter restrictivo tanto polos órganos o institucións administrativas con competencia na interpretación dos contratos administrativos - Xuntas Consultivas de Contratación Administrativa, Consellos Consultivos das diferentes administracións públicas – como pola xurisprudencia dos diferentes Tribunais, entre eles o Supremo é o de Xusticia europeo.

Por iso conven destacar que o contrato perfeccionado é un contrato de concesión de obra pública da Ley 13/2003 de 23 de mayo, introducido no TRLCAP, no que o exercicio do “ius variandi” da Administración contéplase en dous artigos, un o 240 no que refírese á modificación do proxecto, que parafrasea o art. 101 citado engadindo un apartado como consecuencia do principio xeral de risco e ventura do contratista, para o mantemento do equilibrio económico financeiro do contrato mediante su restablecemento, sendo o outro artigo o 250 regulador da modificación ou ampliación da obra pública, que non detallo por non ser de aplicación pero baste dicir que os principios son os mesmos e se cabe mais restrictivos xa que existe unha nova licitación no suposto de que as características físicas e económicas da obra permitan su explotación independente.

O carácter restrictivo da interpretación débese a que celebrada unha licitación pública para a adxudicación dun contrato a solución dada para o adxudicatario non pode ser alterada por via de modificación xa que supón vulnerar os principios de buena fé e libre concurrencia que presiden a contratación pública tendo en conta que os outros licitadores distintos ao adxudicatario poderían haber modificado sus proposicións si son conoedores dunha posible futura modificación das mesmas.

No presente caso non se aprecian razóns de interés público para a modificación do contrato nin si quiera que as causas alegadas sean debidas a necesidades nuevas o causas imprevistas como pode apreciarse co a simple lectura dos informes técnicos obrantes no expediente, incluído o de a Dirección facultativa, polo que neste aspecto procede desestimar a solicitude de modificación do contrato.

Distinto é o suposto da modificación do proxecto básico e do proxecto de cimentación do conxunto arquitectónico no que respecta aos retranqueos e a distribución dos usos previstos na denominada Zona complementaria de explotación comercial, xa que un dos documentos contractuais será precisamente o Proxecto de Execución da edificación cando sexa aprobado e é precisamente, según o prego de condicións, o documento contractual donde teñen que definirse os usos definitivos da Zona complementaria y éstes non estaban definidos con carácter vinculante nin no Estudio de Viabilidade nin no Anteprojecto técnico, se non con carácter indicativo, e aquí si que poden ser consideradas como razón de interese público a admisión dun retranqueo dos límites á parcela da cimentación co fin de garantir tanto a a seguridade das edificacións colindantes polos extremos Este- Oeste, como a reposición dos servicios e os accesos as naves existentes na rúa Jacinto Benavente e o posible acceso ao aparcamiento sotárrego directamente polo tunel previsto pola Avda. de Orillamar que de ser posible solucionaría os clásicos problemas no tráfico rodado que sen dúbida alguna xenerarán os eventos que se celebren tanto no Auditorio como no Pazo de Congressos.

Evidentemente no suposto de que a Sociedade concesionaria asumiese os argumentos expostos, ao Proxecto de Execución deberá incorporarse a correspondente Memoria Xustificativa e o informe favorable ou a autorización da Autoridade Portuaria de Vigo sobre os accesos ao aparcamiento sotárrego polo Tunel.

En consecuencia co exposto, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL na súa condición de Órgano de contratación do Concello e con fundamento dos preceptos e argumentos legais mencionados, e demais de xeral aplicación, a adopción do seguinte A C O R D O:

Primero.- Desestimar a solicitude de 12 de abril de 2007 de Modificación do contrato de concesión da obra pública do Auditorio – Pazo de Congresos de Vigo con Zonas Complementarias de explotación comercial interesada pola entidade “Pazo de Congresos de Vigo. S.A.” polas razóns expostas na parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Suspender a interrupción do prazo de presentación do proxecto de execución do conxunto arquitectónico acordado pola Xunta de Goberno Local de 23 de abril de 2007 e, en consecuencia fixar o 16 de Xullo de 2007 como a data límite de presentación do mesmo, e informar a sociedade concesionaria e a Dirección facultativa da obra pública que no mesmo poderan, previa xustificación, introducir as modificacións que se desprenden do presente acordo tendo en conta que as mesmas non incidiran como causa do restablecemento do equilibrio económico financeiro do contrato.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(952).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 11824/444.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 16.05.07, conformado polo xefe da Área de contratación e Novos Proxectos e polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 29 de decembro de 2006, adxudicou a diversas empresas os lotes de subministración de vestiario para o persoal municipal polos importes que se indican:

A “El Corte Ingles, S.A.”

- Prezo Lote 1, ano 2006: 49.861 euros e ano 2007: 49.861 euros.*
- Prezo Lote 2, ano 2006 : 14.672 euros e ano 2007: 14.311 euros.*
- Prezo Lote 5, ano 2006: 12.118 euros e ano 2007: 7.727 euros.*
- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007 179.603 euros.*

A “Peycar Pontevedra, S.L.”

- Prezo Lote 3, ano 2006: 9.698,66 euros e ano 2007: 13.366,98 euros.*
- Prezo Lote 4, ano 2006: 14.761,10 euros e ano 2007 21.458,90 euros.*
- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007 1.694 euros.*

A “Sagres, S.L.(Partenon)”

- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007: 104.645,32 euros.*

A “Sasatex Española, S.A ”

- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007: 16.796,8 euros.*

A “Iturri, S.A ”

- Prezo Lote 6, ano 2006 e 2007: 98.022 euros.

O enxeñeiro municipal D. Alvaro Crespo Casal remite relación definitiva das prendas que son necesarias e que difiren das adxudicadas no concurso, debido a variacións sufridas no cadro de persoal dende o inicio da tramitación do expediente ata a data actual.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.

Os incrementos por adxudicatarios son os seguintes:

El Corte Inglés, S.A.: lote 1, 2.541 euros; lote 2, 4.393 euros; lote 5, 3.189 euros; e prendas especiais lote 6, 252 e 3.584 euros.

Peycar: lote 3, 5.201,70 euros; lote 4, 813,20 euros.

Partenon: prendas especiais lote 6, 5.322,24 e se suprime a partida de anoraks por importe de 5.345 euros.

Por iso, previo informe da Intervención Xeral, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Modifica-los contratos de subministración de vestiario para o persoal municipal adxudicados pola Xunta de Goberno Local de 29 de decembro de 2006 coas empresas que se indican de seguido, polas cuantías indicadas e respecto das prendas sinaladas nos cadros adxuntos a este expedientes; todo iso conforme ós pregos de condicións que rexeron a contratación inicial:

El Corte Inglés, S.A.: lote 1, 2.541 euros; lote 2, 4.393 euros; lote 5, 3.189 euros; e prendas especiais lote 6, 252 e 3.584 euros.

Peycar: lote 3, 5.201,70 euros; lote 4, 813,20 euros.

Partenon: prendas especiais lote 6, 5.322,24 e se suprime a partida de anoraks por importe de 5.345 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(953).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE FERROSER S.A. EXPTE. 1756/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 23.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Ferrovial Servicios S.A. a fianza de 1.169,36 €, constituída para responder da instalación de caldeira de calefacción en C.P. Dr. Fleming xa que foi executada conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

19(954).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO MERCADO DAS TRAVESAS CONTRA RESOLUCIÓN DA X.GOVERNO DE 26.02.07 SOBRE IMPOSICIÓN DE SANCIÓN. ESTIMADO. EXPTE. 17608/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 23.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Visto o recurso de reposición formulado por D. Juventino Alonso Alonso, na súa condición de Presidente da ASOCIACION DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE LAS TRAVIESAS, en data de entrada neste Concello o 14 de abril de 20o07, contra resolución da Xunta de Gobierno Local de 26 de febreiro de 2007 recaída no expediente nº 17608-240 de 2005.

ANTECEDENTES-

Primeiro.- O Concelleiro Delegado de Patrimonio acordou en data 2 de febreiro de 2006 a incoación dun expediente sancionador á Asociación de Empresarios do Mercado das Travesas pola presunta infracción tipificada como moi grave na clausula III- nº 11- parágrafo 2 do Prego de Condicións que rexeu o concurso para a concesión e explotación do Mercado Municipal, aprobado por acordo plenario de 30 de novembro de 1993, considerando que segundo o informe da arquitecta municipal da oficina técnica de licenzas, e outros posteriores, que se citaban, concurrían diversas infraccións urbanísticas que tiñan o seu encadre no art. 211 da lei 9/2002, de 30.12 como actos sen licenza, ou en contra das súas determinacións. Dita resolución así como os nomeamentos de instructor o secretario foronlle debidamente notificados á interesada.

Segundo.- Tra-los trámites que se estimaron oportunos, a Xunta de Gobierno local do Concello de Vigo dictou resolución na sesión ordinaria de 26 de febreiro de 2007, polo que acordou impoñer á Asociación de Empresarios do Mercado de Travesas unha sanción de 4.210,09 euros pola Comisión dunha infracción moi grave ó realizar obras sen autorización así como requirirille para que no prazo de tres meses procederan a súa demolición, resolución que foi notificada o 14 de marzo de 2007, e que é obxecto deste recurso.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- O recurso se interpón dentro do prazo dun mes que a lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC) establece.

Segundo.- Fundaméntase na causa de nulidade de pleno dereito por caducidade do procedemento, así como diversas costións de fondo do procedemento como son a inexistencia da infracción imputada, adquisición de licenza urbanística por silencio, ausencia de culpabilidade, alcance da sanción e carácter legalizabel das obras. Solicitase se declare a caducidade do procedemento sancionador, ou subsidiariamente a nulidade de pleno dereito delo, e solicitando a suspensión da súa executividade.

Terceiro.- Alégase en primeiro lugar a nulidade de pleno dereito da resolución o ser dictada unha vez caducado o procedemento.

Respecto á caducidade compre sinalar que o art. 44 da LRXPAC establece que nos procedementos iniciados de oficio nos que a Administración exercita potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención susceptibles de producir efectos desfavorables ou de graváme, o vencemento do prazo máximo establecido sen dictar e notificar resolución expresa produce a caducidade, ordeando a resolución que a declare o arquivo das actuacións cos efectos previstos no art. 92 da mesma lei, artigo que dí no seu numero 3 que a caducidade non producira por si só a

prescripción das accións do particular ou da Administración, pero os procedementos caducados non interrompirán o prazo de prescricion.

O prazo para dictar e notifica-la resolución recaída no expediente e no suposto que nos ocupa é de tres meses a contar dende a data do acordo de iniciación en aplicación do disposto no art. 42.3 a) da LRXPAC, e polo tanto ó iniciarse o procedemento.

Por resolución do Concelleiro Delegado de Patrimonio de data 2 de febreiro de 2006 e rematando coa resolución da Xunta de Goberno local que lle foi notificada á interesada en data 14 de marzo de 2007, sen que haxa causa de suspensión ou interrupción, é plo que resulta obvia a caducidade do procedemento resultando procedente estimar a petición do recorrente neste senso.

Cuarto.-.- Dito o anterior, se estima que non procede entrar noutras cuestións de fondo que se plantexan no recurso.

Quinto.-Estímase que concorre unha causa de anulabilidade da resolución recaída no expediente consonte co que dispon o art. 63.3 da LRXPAC que dí que a realización de actuacións administrativas fora do tempo establecido sólo implicará a anulabilidade do acto cando así o imponha a natureza do termo ou prazo, establecendo o art. 66 da mesma lei que o organo que declare a nulidade ou anule as actuacións disporá sempre a conservación daqueles actos e trámites cuxo contido se mantivese igual de non tese cometido a infracción.

Sexto.- Resulta competente para a adopción deste acordo resolutorio a Xunta de goberno local en aplicación do art. 116.1 da LRXPAC, e de conformidade co art. 127.1.f) da lei 7/1985, LBRL trala modificación producida pola Lei 572003, de 16.12, de medidas para a modernización do goberno local.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1º ESTIMA-lo recurso de reposición interposta pola Asociación de Empresarios do Mercado das Travesas e ANULAR a resolución da Xunta de goberno local de Vigo de data 26 de febreiro de 2007, recaída no expediente nº 17608-240 de 2005, DECLARANDO A CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO ASI COMO O ARQUIVO DAS ACTUACIONES, sen prexuízo de que se a infracción non prescibiu se poida iniciar novo expediente sancionador polos mesmos feitos.

2º Dispoñer, ós efectos do disposto no art. 66 da LRXPAC, a conservación dos informes recabados no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(955).- RECLAMACIÓN DE D. FERNANDO RECONDO RUIZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 918/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 25.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Fernando Recondo Ruiz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da súa filla menor de idade María Recondo Blanco, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 26 de xullo de 2005, mentres María xogaba no parque infantil municipal, sito na avenida de Castelao, sufriu unha caída dunha barra, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 03/03/2006, no que indican que dos posibles danos debe responder á empresa Contenur S.L., concesionaria do servizo de conservación e reposición de parques infantís.
- Informe da concesionaria Contenur España S.L., de data 18/04/2006.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.229,22 euros.
- Práctica de proba testifical, en data 13/06/2006, a unha das testemuñas propostas pola reclamante (nai da nena accidentada).
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 27/11/2006, sobre as instalacións do parque, as que consideran deberían ser óptimas para a súa utilización.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Contenur España S.L., que formula alegacións en data 13/12/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 03/01/2007.
- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 14/03/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local atópase o de Parques e Xardíns (artigos 25.2.d e 26.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local).

No Concello de Vigo este servizo polo que respecta ó parque infantil sito na avenida Castelao no que acaeceron os feitos está asumido por un concesionario.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou en sesión de 29/03/2005 adxudicarlle a Cespa S.A. o concurso para a contratación do manetemento e conservación de zonas verdes do Concello con efectos de 1 de maio do mesmo ano, segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente, contrato formalizado en data 06/06/2005.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Cespa S.A., por canto esta non nega os defectos do estado do pavimento e de conformidade co relatado das cláusulas que rexen a contratación, resulta obrigada ó seu mantemento e reposición, incluso cando se traten de actos vandálicos.

Na cláusula 4.2.2 do prego de bases técnicas, dentro das labores que acada o servizo, inclúense a reparación ou substitución e mantemento propio de todos os elementos incluídos no perímetro da zona verde adjudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia ben sexa polo seu propio uso ou a consecuencia de actos vandálicos sufran un deterioro que fagan aconsellábel a súa reposición, considerándose entre eles as varandas, baldosas, valados, etc.

Por outra banda na cláusula XIX do prego de cláusulas administrativas establécese como obriga do adjudicatario a de responder dos danos e perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo tanto á Administración municipal, como a terceiros, así como da suscripción dunha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil. Tamén na cláusula XXIII deste prego establécese que será pola conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza ocasionados a terceiros como consecuencia da boa, mala ou nula realización dos traballos.

Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixiráselle á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Terceiro.- Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.

A carga da proba dos feitos e da súa relación causal co funcionamento dun servizo público corresponde ó reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión, así como a concorrencia de circunstancias demostrativos da negligencia da vítima suficiente para considerar roto o nexo de causalidade á Administración (STS 15/12/1997). Isto é, corresponde ó reclamante a acreditación de que se dá a relación de causa a efecto entre o feito imputábel á Administración e o dano, neste suposto concreto a falta de mantemento ou de incumprimento de especificacións técnicas do parque infantil.

E así, se ben o reclamante fundamenta a súa pretensión en que toda a área de xogos carece de superficie de impacto adecuada por canto é de gran dureza e a falta de conservación, reparación e mellora do parque, das actuacións practicadas no expediente resulta que:

- Tanto das fotografías achegadas ó expediente como alegacións da empresa Contenur, resulta que a superficie do parque infantil ten unha composición de area.
- Hai no expediente informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns de data 27/11/2006, no que consonte co que dispón o artigo 89.5 da Lei 30/1992 “A aceptación de informes e ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma”.

- *As lesións sufridas pola menor así como os danos padecidos valóranse en ditame médico solicitado ó efecto en 4.229,22 euros.*

Resulta polo tanto acreditado que as instalacións do parque infantil cumpren coas especificacións precisas, sen que se poidan ter en conta ó respecto ás alegacións da nai da menor no expediente, que ademais de ser parte interesada, e a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista dunha mínima eficiencia probatoria (ditame Consello Consultivo de Galicia 461/2006). Resaltar ademais que no expediente non hai outras testemuñas directas de cómo aconteceron os feitos e o mesmo pai da menor, no seu escrito de 25/01/2006, fala de acrobacias realizadas por ela.

Cuarto.- Procede polo tanto, ó non resultar probado o necesario nexos causal entre o dano reclamado e o funcionamento dun servizo público, desestimar a reclamación presentada, calificando o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Fernando Recondo Ruiz, en nome e representación da súa filla menor María Recondo Blanco, polas lesións sufridas por unha caída ocorrida o día 26 de xullo de 2005 no parque infantil situado na avenida de Castelao”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(956).- RECLAMACIÓN DE D. RICARDO COLLAZO CONDE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 631/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA- FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 25.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Ricardo Collazo Conde presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 7 de xuño de 2005, no que expón que o día 28 de outubro de 2004 mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-7458-AX, pola rúa Isaac Peral, á altura do acceso do peirao de Guixar, ó pasar por un sumidoiro cuxa tapa saltara, a roda e os baixos do vehículo sufriron danos.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte de servizo da Policía Local, de data 28/10/2004, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Collazo relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobán a existencia dos danos no vehículo do reclamante e do sumidoiro cuxa tapa fora desprazada, volvéndoa a poñer no seu sitio orixinal.*
- *Informe do servizo de Parque Móbil, de data 22/09/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Talleres Unión, presentado polo reclamante, por un valor de 348,00 euros IVE incluído son correctos.*

- Informes da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, de datas 13/10 e 16/11/2005.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 20/10/2005, que non formula alegacións.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, en data 25/04/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- *A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- *O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- *Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- *Que non sexa produto de forza maior.*

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó perxudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, otorgou en réximen de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria. Tras o exame do expediente, en especial do parte de servizo da Policía Local de Vigo de data 28/10/2004, constátase que sobre as 08:10 o Sr. Collazo circulaba co seu vehículo pola rúa Isaac Peral, o cal resultou danado nunha roda e nos baixos do lateral dereito, tras topar cunha tapa

dunha arqueta de sumidoiro que saltou ó seu paso por mor das copiosas chuvias, sen que se acreditase por parte da concesionaria ningunha causa de forza maior que a exima da súa responsabilidade nos feitos. Dos danos achégase factura de reparación por importe de 348 euros, que o servizo do Parque Móbil estima correcta en relación cos danos descritos no parte policial.

Cuarto.- Consonte o artigo 123 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa as reclamacións de responsabilidade patrimonial, cando se trate de servizos concedidos, dirinxiráselle á Administración que otorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122 da mesma lei, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso. A vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente prodúxose debido a existencia dunha arqueta desprazada da súa ubicación orixinal, polo que a informante conclúe que a responsabilidade dos danos correspóndelle a concesionaria, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Ricardo Collazo Conde.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 348 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(957).- RECLAMACIÓN DE D^a PILAR RODRÍGUEZ TOMÉ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 909/243.DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 25.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Pilar Rodríguez Tomé presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 14 de xaneiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Sanjurjo Badía, á altura do número 115, sufriu unha caída por mor da falta dunha lousa na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/03/2006, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente.
- Informe do servizo da Policía Local, de data 06/04/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.

- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.750,74 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 05/06/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta que:

- *Hai unha evidente contradición entre o escrito en demanda de responsabilidade patrimonial de 20/01/2006 que presenta a reclamante e un posterior de 20/02/2006, por canto se ben no primeiro refírese a unha caída no número 115 da rúa Sanjurjo Badía o día 14/01/2006, no segundo a unha caída o 07/01/2006 á altura do número 103 da mesma rúa.*

- O día 08/01/2006 a reclamante recibiu asistencia médica no servizo de Urxencias do Hospital Xeral-Cíes onde se lle diagnostican lesións que o ditame médico solicitado valora en 1.750,74 euros.
- Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras do lugar, nel se di que a falta da baldosa na beirarrúa mencionada ten unhas dimensións de 40 x 20 centímetros e se pode ver a 10 metros de distancia se se presta atención.
- Non hai constancia de ningunha intervención da Policía Local segundo se acredita a reclamante tampouco presenta ningunha testemuña ó efecto.

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, circunstancias nas que por certo se contradi nos seus escritos, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refírese a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impedise a súa percepción, polo que de conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulacón. A isto non sería óbice que no incidente participase un terceiro, isto é, un vehículo cunha manobra incorrecta, por canto é doutrina xurisprudencial consolidada a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a conduta dun terceiro a determinante do dano producido (STS 29/03/1999, 16/11/1998, entre outras).

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. María Pilar Rodríguez Tomé por unha caída ocorrida en xaneiro de 2006 na rúa Sanjurjo Badía, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(958).- RECLAMACIÓN DE D^a. PURIFICACIÓN GONZÁLEZ PIÑEIRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.901/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 25.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dña. Purificación González Piñeiro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 13 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 18 de novembro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Coruña, á altura do número 44, sufriu unha caída por mor dunha acumulación de cemento saliente no camiño, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/02/2006, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente.
- Práctica de proba testifical, en data 22/03/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. González.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 872,53 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 09/06/2006, que non formula alegacións.
- Informes do servizo da Policía Local de datas 10 e 11/05/2007, nos que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliabel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración

(artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

E así, polo que respecta ós danos que se reclaman e o nexa causal esixíbel entre eles e o funcionamento dun servizo público, cómpre dicir que:

- Dna. Purificación González Piñeiro caeu o día 18/11/2005 á altura do portal número 44 da rúa Coruña ó tropezar cunha acumulación de cemento que se atopaba na calzada, provocándose lesións que o ditame médico solicitado ó efecto cuantificado en 872,53 euros. Consonte coa proba testifical practicada tamén se lle romperon as súas lentes.
- O servizo de Vías e Obras informa en data 08/02/2006 que as dimensións do montículo de formigón no que tropezou a reclamante é de 0,30 m2 e que se aprecia visualmente a 5 metros de distancia. Nas fotografías que se achegan con el obsérvase claramente que se trata dun tramo peonil sen asfaltar e con outras irregularidades no firme.
- Da proba testifical practicada constátase que cando acaeceron os feitos era de día e había unha boa visibilidade no lugar.
- Solicítase ademais a indemnización dos gastos causados ó seu fillo pola retirada do seu vehículo polo guindastre municipal tras o deixar mal estacionado co fin de acompañar a súa nai ó domicilio. Ó respecto, indicar que soamente son indemnizábeis as lesións nos bens e dereitos da reclamante e non dos seus familiares (artigo 2 Real Decreto 429/1993 de 26 de marzo) e en todo caso a retirada do vehículo polo guindastre é unha circunstancia que se podería evitar no caso de que se estacionase correctamente (artigo 141 da Lei 30/1992), o que exclúe a indemnización por este concepto.

Cuarto.- Engadidamente e conforme coa doutrina sentada polo Consello Consultivo de Galicia en ditame 291/2006 para un suposto similar, hai unha circunstancia moi cualificada e relevante que debe terse en conta e é que a reclamante reside a carón do lugar da caída. Concretamente esta prodúcese á altura do número do portal do seu domicilio, e polo tanto tiña que ser perfectamente coñecedora do estado da vía pública, sen asfaltar e con defectos obvios, sendo un día con boa visibilidade, polo que ó seren estes defectos manifestos e non ocultos, de conformidade coa doutrina anteriormente mencionada soamente un despiste ou distracción puido motivar a súa caída, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común, e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Purificación González Piñeiro, por unha caída ocorrida o día 18 de novembro de 2005 na rúa Coruña, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(959).- RECLAMACIÓN DE D^a. BELÉN PÉREZ IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 808/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 25.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Belén Pérez Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 3 de xaneiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Venezuela, ó lado do Colexio Maristas, sufriu unha caída como consecuencia da existencia de baldosas levantadas na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 03/01/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Pérez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de varias baldosas soltas na beirarrúa e das queixas de dores por parte da reclamante.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/01/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.572,33 euros.*
- Práctica de proba testifical, en data 30/05/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Pérez.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 30/05/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas

que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- Neste suposto, e de conformidade co informe emitido ó efecto polo servizo de Vías e Obras do Concello, que obra no expediente, así como proba testifical realizada que di ademais que había boa visibilidade no momento da caída, resulta que o defecto era visíbel non constituíndo un defecot oculto, e a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades que lle impidise a súa percepción polo que soamente un despiste ou distracción puido propiciar a súa caída.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Belén Pérez Iglesias por unha caída ocorrida o día 3 de xaneiro de 2006 na rúa Venezuela, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(960).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ RICÓN PRIETO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.894/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 25.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. José Ricón Prieto presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 25 de outubro de 2005, ó circular co vehículo da súa propiedade, matrícula 3324-CJF pola circunvalación Arquitecto Palacios, colisionou cunha baldosa que se atopaba na vía, caída na estrada e fóra da súa ubicación, causándose danos materiais ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 25/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Ricón relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán a existencia dos danos no vehículo do reclamante mais non son capaces de localizar o camiión do que caera a baldosa.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 01/02/2006, no que indican que a zona onde ocorreu o accidente non tiña ningún desperfecto, sendo a causa do mesmo o material caído dun camiión non identificado.*

- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 10/02/2006, manifestando que os prezos contidos na factura nº 1304 de Ansencar Neumáticos, S.L., presentada polo reclamante, por un importe de 151,16 euros IVE incluído son correctos.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 21/02/2006.
- Informe do servizo de Limpeza, de data 10/05/2007, no que indican que só realizan a limpeza da vía na que ocorreu o accidente cando son requiridos neste sentido pola Policía Local.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Terceiro.- Nesta materia e segundo a doutrina reiterada do Consello Consultivo de Galicai (entre outros, ditame 401/2006), cómpre ter en conta que neste tema ten recaído abundante xurisprudencia do Tribunal Supremo que acepta a culpa de terceiros e exonera de responsabilidade á Administración cando a formación do obstáculo é imprevisíbel e non se pode acreditar a súa orixe e nin sequera o momento temporal en que se formou.

Tanto do informe da Policía Local que se persoou no lugar dos feitos como do informe solicitado ó servizo de Vías e Obras resulta que o accidente tivo lugar a causa dun material caído dun camión non identificado, carecendo de defectos a calzada e a zona.

E así o Tribunal Supremo na súa sentenza de 11/02/1987 di que non existindo o menor antecedente acerca do momento no que tivo lugar o incidente, a intervención no feito causante do accidente dun terceiro descoñecido pero alleo á Administración, que ocasionou consciente ou inconscientemente a situación de perigo xeradora do dano, rompe o carácter directo entre a actuación administrativa e o prexuízo ocasionado, polo que non cabe imputar á Administración o feito de non eliminar perentoriamente e con toda urxencia unha baldosa que nun momento determinado se pode producir de xeito tan repentino como impensábel e por conseguinte falta o nexos causal preciso entre o dano ocasionado e o actuar da Administración no mantemento público de viais.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. José Ricón Prieto polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula 3324-CJFL, por mor dun accidente ocorrido o día 25 de outubro de 2005 na avenida Arquitecto Palacios”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(961).- RECLAMACIÓN DE D^a. JOSEFA DOMÍNGUEZ COLLAZO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 841/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 24.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Josefa Domínguez Collazo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de novembro de 2005, no que expón que o día 13 de xaneiro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Enrique Lorenzo, ó intentar cruzar a rúa entre dous coches á altura do número 2, sufriu unha caída tras tropezar nun trozo de bolardo cortado que sobresaía uns centímetros da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 13/01/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Domínguez relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia do bolardo cortado, ó que proceden a sinalizar co fin de evitar novos accidentes.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 01/02/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente, recoñecendo a existencia dun anaco de ferro que sobresaía uns cinco centímetros do rasante da beirarrúa.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/02/2006, sobre o lugar onde ocorreu o accidente e a indicación do paso de peóns máis próximo ó lugar do accidente.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 7.926,57 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á aseguradora Mapfre Industrial, en data 23/11/2006, que non formula alegacións.*

- *Práctica de proba testifical, en data 27/02/2007, as testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Domínguez.*
- *Evacuáse trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 16/05/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Acreditado que a reclamante caeu o día 13/01/2005, causándose lesións, estas se valoran no ditame médico solicitado ó efecto en 7.926,57 euros, por canto consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 nel se di: “No se valora el informe del Dr. Romero ya que se contradice en el balance articular ya que según refiere presenta una antepulsión de 130°, una rotación interna normal y una rotación externa de 40° sin compararlo con el teóricamente sano que sería el derecho, en el cual según refiere también tiene limitaciones. Con respecto a las secuelas, le asigna un punto por hombro doloroso posttraumático y luego asigna cinco puntos por una limitación de la movilidad del hombro, acotándolo entre 1 y 10 puntos sin aclararse a lo que se debe, en mi opinión se debe considerar el informe de la Dra. Castro, referido por el propio Dr. Romero, en el que hace referencia una omalgia residual que debe ser valorada con uno o dos puntos de secuelas”.

Respecto a uns gastos de limpeza de roupa que se presentan como consecuencia da caída, non se poden aceptar por canto este dano non resultou acreditado no expediente, incluída a proba testifical practicada.

Terceiro.- Constátase a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliábel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Ademais, e de conformidade coa máis recente doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 27/10/1998), a consideración de feitos que poidan determinar a ruptura do nexo de causalidade ten que se reservar para aqueles que comporten forza maior, ós que importa engadir a intencionalidade da vítima na produción ou o padecemento do dano, ou a gravísima negligencia dela, sempre que estas circunstancias fosen determinantes da existencia da lesión e a conseguinte obriga de soportala.

Cuarto.- Do exame do expediente resultan os seguintes datos:

- Hai unha evidente contradición no escrito inicial da reclamante e no parte de servizo da Policía Local que acudiu ó lugar tras aconteceren os feitos, a requirimento da reclamante, e que recolle as manifestacións da interesada, no tocante a como sucederon os feitos. E isto é así porque se ben o día 13/01/2005 esta relátalle á Policía que se dispuña a subir a beirarrúa procedente da calzada e o 17/11/2005 que se dispuña a baixar dela para cruzar a rúa, contradición que se ten que resolver a favor do informe da Policía Local, non só pola inmediateza da data senón polo seu carácter de autoridade.
- Tanto do informe da Policía Local que hai no expediente como do servizo de Vías e Obras emitido tras inspección ocular da zona o 01/02/2006 o trozo de bolardo cortado onde a reclamante tropezou sobresaía uns 5 ou 6 centímetros da beirarrúa, descoñecéndose a orixe de quen os instalou, así como que o bolardo se rompera debido ó aparcamento dos vehículos no lugar.
- Na beirarrúa onde tivo lugar o accidente non hai segundo informe de Vías e Obras de 17/02/2006 ningún paso peonil.

O artigo 10.1 da Ordenanza Xeral de Circulación do termo municipal de Vigo establece que os viandantes circularán polas beirarrúas gardando preferentemente á súa dereita, cruzarán as calzadas polos pasos sinalizados e, se non os houbese, polos extremos dos rueiros, perpendicularmente ás mesmas e coa debida precaución.

Resulta polo tanto que a reclamante non cumpriu o anterior, incorporándose á beirarrúa no medio da calzada, atopándose segundo proba testifical a calzada chea de vehículos, con pouco espazo para pasar, o que consecuentemente lle tivo que dificultar a visibilidade da beirarrúa, propiciando a súa caída, circunstancia esta que soamente cabe achacar á negligencia da propia vítima, que consonte coa doutrina citada enerva de responsabilidade á Administración.

Concorre ademais neste suposto unha circunstancia relevante: que é a de que a reclamante reside a carón de onde sucederon os feitos, vive no número 2 da rúa e estes tiveron lugar no número 1 co que tiña que ser coñecedora tanto dos bolardos como da súa situación (ditame Consello Consultivo de Galicia 291/2006).

Quinto.- Consonte co anterior, apreciada a grave negligencia da solicitante ó cruzar por lugar non habilitado ó efecto, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade patrimonial, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e non indemnizábel.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Josefa Domínguez Collazo por unha caída ocorrida o día 13 de xaneiro de 2005 na rúa Enrique Lorenzo, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(962).- RECLAMACIÓN DA COMPAÑÍA ARAG (D. CÁNDIDO COMESAÑA COSTAS) DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 608/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 22.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

A compañía aseguradora ARAG presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación do seu asegurado, D. Cándido Comesaña Costas, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de maio de 2005, no que expón que o día 4 de marzo de 2005 o Sr. Comesaña circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-9079-BL, pola avenida do Aeroporto e, na confluencia coa rúa San Cristobo, ó pasar por encima dunha reixa sen tapa, a roda do vehículo sufriu un reventón.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, de data 04/03/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, atopan dous vehículos accidentados (un deles o do Sr. Comesaña) e comprobaban como a reixa atopábase desprazada.*
- Informe do Inventario municipal, de data 01/07/2005, indicando que o vial onde se accidentou o vehículo non é de titularidade do Concello de Vigo, aínda que si lle corresponda o mantemento do vial.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 09/04/2007, manifestando que os prezos contidos na factura nº A/26 de Talleres San Juan de Cabeiro S.L., presentada pola reclamante, por un importe de 153,70 euros IVE incluído son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, en data 19/04/2007, que non formula alegacións.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 18/05/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das

bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, resulta acreditado que o interesado sufriu danos nunha llanta do seu vehículo ó estar a vía pola que circulaba atravesada na súa totalidade por unha reixa de saneamento sen tapar.

Os danos por importe de 153,70 euros estimáronse correctos polo servizo do Parque Móbil.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha reixa fóra do seu lugr nunha rede de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixiráselle á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada pola compañía aseguradora ARAG en nome e representación de D. Cándido Comesaña Costas.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó Sr. Comesaña na contía de 153,70 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(963).- RECLAMACIÓN DE D^a. MERCEDES FRANCO PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 868/243. DESETIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 22.05.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Mercedes Franco Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de decembro de 2005, no que expón que o día 13 de xuño de 2005, mentres camiñaba pola rúa Areal, diante da Comandancia da Mariña, sufriu unha caída ó tropezar nunhas lousas da beirarrúa en mal estado, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 14/07/2005, no que o axente actuante confirma o mal estado da beirarrúa onde a Sra. Franco di ter sufrido o accidente.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 13/12/2005, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente, no que indican que o mal estado do pavimento débese ás raíces das árbores.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.600,74 euros.*
- Informe do Inventario Municipal, de data 04/04/2006, no que se indica que a rúa Areal figura dada de alta na listaxe de actualización e rectificación do Inventario Municipal.*
- Práctica de proba testifical, en data 07/04/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Franco.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 02/05/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser

indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente.

No expediente consta que Dna. Mercedes Francos Fernández recibiu asistencia médica no servizo de Urgencias do Hospital Xeral-Cíes no que lle diagnosticaron unha fractura base 5º metatarsiano, así como asistencia médica privada de datas 18/10 a 30/11/2005. En relación coas lesións solicitouse ditame médico ó efecto, que foi emitido o 28/02/2006 e que consonte co que dispón o artigo 89.5 da lei 30/1992, valóranse as lesións físicas en 2.450,73 euros e no que se di: “En mi opinión no está justificado un tempo de baja tan prolongado ni de las secuelas que refiere padecer, ya que desde el 01/07/05 en que le retira el yeso su traumatólogo de cupo hasta el 18/10/05 no existe ningún documento ni informe médico, ni información de que haya sido tratada por ningún médico hasta que comenzó con el tratamiento en la Clínica Compostela. A lo sumo y por la información facilitada considero que precisó desde el 13/06/05 hasta la fecha de retirada del yeso, como período de incapacidad total y 30 días más de incapacidad parcial, restando a lo sumo al alta una metatarsalgia residual”.

Se solicita ademais que se inclúan no concepto de dano resarcíbel o tratamento de rehabilitación e fisioterapia nunha clínica privada por importe de 190 euros, que non se pode admitir por canto consonte afirma a propia reclamante no seu escrito de 02/05/2006 foi vista en consulta polo servizo de traumatoloxía do ambulatorio da Doblada que tardou en remitirle a rehabilitación, cuestión esta que non consta acreditada no expediente nin tampouco que se lle prescribise medicamente, sendo polo tanto en todo caso un gasto voluntario do particular, e no que non concorre o necesario nexo causal cos caracteres de directo, inmediato e exclusíbel, por canto incide outra causa determinante que é a vontade da reclamante, non é unha necesidade obxectiva senón que se elixiu libremente (STS 10/12/1992).

Terceiro.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, contátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Non obstante, tal e como manifestan as testemuñas propostas pola solicitante nese intre era de día e a visibilidade era boa, e tal e como se observa nas fotografías achegadas ó expediente e resulta da propia proba testifical a D. Gaspar Castromil Veiras, os defectos eran perfectamente visíbeis en condicións normais de circulación e tránsito non constituindo un defecto ou trampa oculto e a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que non controlou o seu propio deambular propiciando esta circunstancia a súa caída. E isto, porque unha vez demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior das irregularidades da beirarrúa, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padece o accidente (ditame Consello Consultivo de Galicia 380/2006).

Cuarto.- Consonte co anterior, e con independencia de non resultar acreditada a realidade de todos os danos que se reclaman, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguente indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Mercedes Franco Fernández por unha caída ocorrida o día 13 de xuño de 2005 na rúa Areal, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(964).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a DEL CARMEN RODRÍGUEZ IGLESIAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 818/243. RESPONSABLE CESPAS.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, do 23.04.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Carmen Rodríguez Iglesias presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de novembro de 2005, no que expón que o día 25 de outubro de 2005, mentres camiñaba polo paseo do río Lagares entre a Zona Franca e Samil, sufriu unha caída ó tropezar nunhas baldosas que se atopaban soltas, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, de data 09/11/2005, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 09/12/2005, no que indican que o mantemento do lugar onde ocorreu o accidente (tramo entre as rúas Molinos e Olímpicos) está a cargo do servizo de Montes, Parques e Xardíns.*

- Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 16/12/2006, no que indican que dos danos ocasionados debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.
- Práctica de proba testifical, en data 12/01/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Rodríguez, indicando que o desperfecto non se vía a distancia, levantándose as lousas ó seren pisadas.
- Informe da concesionaria Cespa, de data 21/02/2006.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.908,62 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 19/07/2006.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.504,83 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións e presenta documentación en data 11/05/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Polo que respecta ós danos que poden ser resarcidos a consecuencia do funcionamento dun servizo público, e consonte co dito no parágrafo anterior, é requisito necesario que a efectividade do dano sexa probada, requisito que segundo a xurisprudencia opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado.

E así:

- Da proba testifical practicada e documentación obrante no expediente, resulta que Dna. María del Carmen Rodríguez Iglesias caeu no paseo do río Lagares o día 25/10/2005, ó tropezar nunhas lousas que se levantaron ó pisar nelas.*
- A consecuencia da caída recibiu asistencia médica por lesións nunha man, lesións que no ditame médico solicitado ó efecto de data 02/10/2006 en 4.095,30 euros, así que non cabe engadir a corrección por idade laboral, por canto a reclamante como ela afirma é xubilada da Seguridade Social. Neste informe, e de conformidade co preceptuado no artigo 89.5 da Lei 30/1992 dise: “Si ha terminado el tratamiento rehabilitador en el mes de mayo dando por estabilizado su proceso sin posibilidad de recuperación mayor, no se entiende por que se espera al 14-07-06 a darle el alta. Si según el informe del servicios de rehabilitación sufrió una distrofia simpático-refleja, la cual justificaría el alargamiento del período de recuperación, por que no se refleja en el informe de alta del Dr. Larrauri”.*
- A reclamante reclama así mesmo o gasto que lle provocou, segundo di, a rotura duns anteollos graduados. A estes efectos non achega factura de reparación senón orzamento solicitado a unha óptica cunha montura de Carolina Herrera así como cristais pro valor de 437,30 euros. Se ben no escrito de mellora de solicitude que recolleu o 16/11/2005 indicábase que se terían que achegar fotografías dos bens danados ademais da súa presentación nas dependencias de Patrimonio, isto non se fixo polo que non resulta demostrada nin a inutilidade total das lentes danadas nin que fosen de carácter e modelo que se orzamenta, polo que non procede aceptar este dano.*
- Solicitados informes ós servizos de Vías e Obras e de Montes, Parques e Xardíns, infórmase que danos danos terá que responder Cespa S.A. de acordo co punto XII do prego de condicións administrativas de Conservación e Reposición de Zonas Verdes, empresa que se opón no expediente á dita reparación por canto di non asumir a responsabilidade sobre o estado do pavimento, con defectos construtivos iniciais graves en canto a desniveis entre lousas e asentamentos instábeis delas, e continuo e incontrolado tránsito de vehículos que agravan a situación.*

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou en sesión de 29/03/2005 adxudicarlle a Cespa S.A. o concurso para a contratación do manetemento e conservación de zonas verdes do Concello con efectos de 1 de maio do mesmo ano, segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente, contrato formalizado en data 06/06/2005.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Cespa S.A., por canto esta non nega os defectos do estado do pavimento e de conformidade co relatado das cláusulas que rexen a contratación, resulta obrigada ó seu mantemento e reposición, incluso cando se traten de actos vandálicos.

Na cláusula 4.2.2 do prego de bases técnicas, dentro das labores que acada o servizo, inclúense a reparación ou substitución e mantemento propio de todos os elementos incluídos no perímetro da zona verde adxudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia ben sexa polo seu propio uso ou a consecuencia de actos vandálicos sufran un deterioro que fagan aconsellábel a súa reposición, considerándose entre eles as

varandas, baldosas, valados, etc... No seu anexo I figura como zona verde a conservar e repoñer de acordo coa cláusula 2 o Paseo Lineal do Lagares.

Por outra banda na cláusula XIX do prego de cláusulas administrativas establécese como obriga do adxudicatario a de responder dos danos e perdas que se ocasionen con motivo da execución do servizo tanto á Administración municipal, como a terceiros, así como da suscripción dunha póliza de seguro de accidentes e responsabilidade civil. Tamén na cláusula XXIII deste prego establécese que será pola conta do contratista a responsabilidade derivada de todos os danos, perdas e accións de calquera natureza ocasionados a terceiros como consecuencia da boa, mala ou nula realización dos traballos.

Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludibel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Carmen Rodríguez Iglesias

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde a CESPAS S.A., empresa concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes, de conformidade co establecido na cláusula XIX do prego de cláusulas administrativas deste servizo, debendo a dita empresa indemnizar á Sra. Rodríguez na contía de 4.504,83 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(965).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á FUNCIONARIA Dª. Mª CARMEN LÓPEZ RUIZ. EXPTE. 17304/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 2.05.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

A Xunta De Goberno local, na súa sesión de data 29 de decembro de 2006 (Expte 16921/220), acordou a asignación de complemento de produtividade destinado as funcionarias Dª Teresa Gonzalez Carrasco, xefa de negociado de nominas con nº de persoal 6971, Dª Mª Carmen Alvarez Prieto, auxiliar administrativa do negociado de nominas, con nº de persoal 18709 e Dª Pilar Alonso Cacheiro, Técnica de sistemas do Servizo de Informática con nº de persoal 78150, polo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa demostrada ao longo do ano 2006 e en concreto na aplicación do Acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2006, de adecuación retributiva a parte dos postos dos grupos D e E. A aplicación de dito acordo supuso a acumulación de tarefas provocadas polas diversas excepcións e circunstancias especiais que no ano 2006 afectaron ás aplicacións informáticas de Nómina e Xestión de Persoal. A efectiva aplicación da adecuación retributiva dos

postos de traballo aprobada no ano 2005 e realizada no ano 2006 con efectos de 1 de febreiro de 2005 supuso a realización de procesos informáticos auxiliares de estimación e comprobación de cálculos, execución da modificación dos postos na Xestión de persoal, retroceso dos cambios motivado pola non consolidación no mes de xuño do 2006 das novas retribucións, detección e corrección de erros, detección e corrección de inconsistencias na base de datos, copias de seguridade excepcionais, etc.

Así mesmo, a asignación de dito complemento de produtividade a ditas funcionarias, basease na sobradamente demostrada colaboración excepcional coa Unidade de Persoal na aplicación do acordo plenario de modificación de convenio en canto aos importes da festividade e nocturnidade, a asistencia na utilización efectiva por parte do persoal da Unidade do programa de Xestión de persoal, na realización dos cálculos para a elaboración do capítulo I do proxecto de orzamento para o ano 2007, etc

Na instrucción do Concelleiro delegado de xestión Municipal de data 4 de decembro de 2006, detectase a non inclusión da funcionaria M^a Carmen Lopez Ruiz, con n^o de persoal 8094, con posto de programadora de informática, que participou activamente nas tarefas descritas para as devanditas funcionarias destinatarias das productividades asignadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 29 de decembro de 2006

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

O aboamento da produtividade proposta non trae orixe das vixentes Instrucións de plantilla, polo que dentro do ámbito competencial da Xunta de Goberno local será este órgano quen de aprobación, no seu caso, debéndose significar en todo caso que a motivación exposta anteriormente puidera ter encaixe dentro do concepto legalmente configurado para este complemento retributivo así como no apartado 3) das Instrucións de plantilla aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005, circunstancia que lle compete ponderar en todo caso ao órgano resolutor.

De conformidade coas mencionadas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non podendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

O importe proposto a percibir no caso de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento deste complemento retributivo para a funcionaria M^a Carmen Lopez Ruiz, sería igual ao percibido por D^a Teresa Gonzalez Carrasco, xefa de negociado de nominas, que percibiu a cantidade de 1150,00 €, xa que ambas pertencen ao grupo C de titulación e os calculos realizáronse en función das horas realizadas fora do horario habitual de traballo pola técnica de sistemas, segundo o control de presenza realizado pola Unidade de persoal e establecendo a correspondente proporción en función do grupo de titulación para a xefa de negociado de nominas e a auxiliar administrativa do mesmo.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“ Recoñecer a funcionaria D^a M Carmen Lopez Ruiz, programadora do Servizo de Informática un complemento de produtividade por importe de 1150,00 €, calculos realizados en función das horas realizadas fora do horario habitual de traballo pola técnica de sistemas, segundo o control de presenza realizado pola Unidade de persoal e establecendo a correspondente proporción en función do grupo de titulación para a xefa de negociado de nominas, programadora de informática e a auxiliar administrativa do negociado de nominas, acordando proceder ao aboamento dos mesmos.”

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(966).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Á FUNCIONARIA D^a. MARTA NÚÑEZ ABOY. EXPTE. 9461/331.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos humanos, do 2.05.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, que di o seguinte:

Con data 13 de febreiro de 2006, o Xefe da Unidade de Cultura, conformado polo Concelleiro delegado de Asuntos Sociais, solicita “Que se estableza algunha compensación económica (productividade, acumulación de tarefas ou diferenza de función) a favor de Dna.Marta Núñez Aboy, con número de persoal 78436, adscrita como auxiliar administrativa ao departamento de Cultura da Área de Asuntos Sociais” fundamentada en que no seu cadro de persoal figura vacante un posto de administrativo que se ven cubrendo con persoal laboral eventual e no volume de traballo e carga administrativa que soporta dita Unidade o corresponderlle a realización da programación cultural

da cidade, xunto coa súa correspondente xestión administrativa, ademáis do funcionamento de Casa das Artes, Casa Galega da Cultura, Biblioteca Central e subsidiariamente Verbum-Casa das Palabras, Arquivo Pacheco e Museo Quiñones de León.

O mencionado posto de administrativo atopase a data de hoxe aínda vacante ao estarse celebrando actualmente a oferta de emprego público da que forma parte. De todos os xeitos, no período comprendido entre o 13 de abril ao 12 de outubro de 2005 e dende o 12 de marzo do ano en curso, adscribiuse a dita Unidade un administrativo, contratado mediante a modalidade contractual de contrato por acumulación de tarefas, definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro).

Así mesmo dende o mes de abril de 2006, data da baixa médica da xefa de oficina de novos proxectos, a devandita funcionaria realiza as funcións desempeñadas por ela no relativo os asuntos da Concellería de Xestión Municipal e a secretaria do concelleiro desta Área, segundo a instrución de servizo do Concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 30 de abril de 2007.

Con data 24 de abril de 2007 a funcionaria D^a Marta Nuñez Aboy solicita que se lle recoñeza a acumulación de tarefas que ven desempeñando co posto de Xefa de Oficina de Novos proxectos dende a baixa da súa titular, en abril de 2006.

As instrucións sobre plantilla para o exercicio 2005, actualmente en vigor, no seu punto Terceiro, apartado a) expon que con cargo o complemento de produtividade retribuirase a actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia, autorizada pola Alcaldía, tra-lo informe da Xunta de Persoal, por importe equivalente ó do complemento de destino do posto acumulado.

Neste caso non existe resolución sobre a acumulación de tarefas a devandita funcionaria, mentras que no caso citado no escrito da funcionaria D^a Marta Nuñez Aboy e referido a outro auxiliar administrativo, a dito funcionario, por resolución do 21 de novembro de 2006, o concelleiro delegado de Asuntos Sociais encomendoulle acumular as funcións de auxiliar administrativo do Servizo de Cultura ás que xa viña desempeñando como auxiliar administrativo do Servizo de Patrimonio Histórico, dende dita data ata a incorporación ao seu posto da funcionaria adscrita o servizo de Cultura, D^a Marta Nuñez Aboy.

A funcionaria disfruto o seu período de vacacións correspondentes o ano 2006 do 29 de decembro de 2006 ao 2 de febreiro de 2007. En canto a asuntos propios aprobaronselle os días 27 de marzo, 15,16,18 e 19 de maio, 23 de xuño, 21 e 24 de xullo e 25 de agosto correspondentes ao ano 2006 e 30 de abril do ano 2007.

En canto as incapacidades transitorias no ano 2006, atopouse de baixa os seguintes días: 15 e 16 de xuño, 10 e 11 de outubro, do 13 de outubro ao 27 de decembro e no ano 2007 do 5 ao 7 de marzo.

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuí-lo especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

O aboamento da productivide proposta non trae orixe nas vixentes Instrucións de plantilla, polo que dentro do ámbito competencial da Xunta de Goberno local será este órgano quen dé aprobación, no seu caso, debéndose significar en todo caso que a motivación exposta no informe do xefe da Unidade de cultura de data 13 de febreiro de 2006 así como as circunstancias anteriormente expostas da Concellería de Xestión Municipal, puidera ter encaixe dentro do concepto legalmente configurado para este complemento retributivo así como no apartado 3) das Instrucións de plantilla aprobadas pola Xunta de Goberno local, na súa sesión de data 30 de maio de 2005, circunstancia que lle compete ponderar en todo caso ao órgano resolutor.

De conformidade coas mencionadas Instrucións de Plantilla vixentes, o aboamento efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose polo tanto as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións, agás que a produtividade contase con periodicidade, na que se computarían as baixas por accidente de traballo, enfermidade profesional e permisos e licencias.

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, infórmase en calquera caso que non se trata en ningún caso dun dereito subxectivo preexistente do traballador, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, non pudiendo inferirse un devengo automático da produtividade, xa que a asignación desta deberá ponderarse sempre en función do rendemento e dedicación do empregado proposto para a asignación.

Tomando como referencia as diferencias retributivas en canto a complemento de destino e específico entre o posto de auxiliar administrativo e o de xefe de negociado o importe a retribuir en concepto de produtividade suporía un total de 1325,27 € para ao período comprendido entre o 25 de abril de 2006 e o 30 de abril de 2007.

De conformidade co previsto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, o órgano competente para a adopción de resolución en relación coas retribucións do persoal municipal é a Xunta de Goberno Local, a proposta do Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal sempre que esas retribucións teñan carácter complementario e non sexan fixas nin periódicas a excepción dos grupos nos que sexa competencia do Pleno, como recolle o apartado primeiro, IV, a) 14 do Decreto da Alcaldía de data 02/01/2004, e sempre en tanto en canto se produza a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente; para o eventual suposto de que a Xunta de Goberno local optase por dar aprobación ao establecemento do complemento retributivo anteriormente referido, e previo informe de fiscalización e consignación de créditos, sométese ao criterio do órgano resolutor a seguinte proposta de acordo:

“ Recoñecer a auxiliar de admón. Xeral D^a Marta Nuñez Aboy , con numero de persoal 78436, un complemento de produtividade por importe de 1325.27 €, importe calculado en función das diferencias retributivas existentes entre as asignadas ao posto base de auxiliar de admon xeral e as establecidas para os postos de xefe de negociado, en relación ao período comprendido entre o 25 de abril de 2006 e o 30 de abril de 2007, acordando proceder ao aboamento do mesmo.”

Dese traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboero de Edictos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(967).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS PRESTADOS POLO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 17208/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 30.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 24.05.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo dos “Xogos Para-olímpicos” e “Batalla de Flores”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Carlos Pérez Vázquez e remata por don Antonio Torrado Rodríguez, por unha cantidade total de 795'41 € (SETECENTOS NOVENTA E CINCO EUROS CON COARENTA E UN CÉNTIMOS).

33(968).- PRÓRROGA POR UN ANO DO CONTRATO LABORAL DE DOUS AUXILIARES DE LABORATORIO EN PRÁCTICAS. EXPTE. 17294/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 30.05.07, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 24.05.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

Antecedentes.-

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada ó día 5 de xuño do 2006, acorda autoriza-la contratación de dúas Auxiliares de Laboratorio en prácticas: D^a Carolina Abalde Cantero con NIF 36.140.965-F, con unha duración do contrato dende 8-06-2006 ata 7.06.2007 e D^a Vanessa Rivadulla Fernández, con NIF 36.122.791-A, dende 15 de xullo do 2006 ata 14 de xullo do 2007.

Con data 3 de maio do 2007, ó Director do Laboratorio Municipal, don Xesús Núñez-Torrón López, solicita a prórroga de ditos contratos, por ser o seu traballo no Laboratorio satisfactorio.

As traballadoras percibirán ó 60 % das retribucións do posto durante ó primeiro ano, e o 75 % durante ó segundo, en relación ao salario fixado para un empregado municipal que desenvolva o mesmo ou equivalente posto de traballo nesta Administración.

Códigos dos postos e servicios a efectos nómina: Cobrando ó 75 % da retribución do Cod. posto aux. laboratorio.: 141, Cod. servicio laboratorio: 313.

Custo da prórroga por un periodo de 12 meses: 41.303,49.- Euros.

Importe RC..... 41.303,49 .- Euros.

-Códigos dos postos e servicios a efectos nómina: Cobrando ó 75 % da retribución do Cod. posto aux. laboratorio.: 141, Cod. servicio laboratorio: 313.

-Custo 2 auxiliares de laboratorio en prácticas (75 % das retribucións do posto)

Básicas.....	575,68.-
C.D.....	352,95.-
C.E.....	<u>584,32.-</u>
Total (1 aux.).....	1.512,95.-
P.P.Extra (1.512,95 x 2).-	3.025,90.-
S.S. Concello	<u>529,53.-</u>

- Retribucións totales..... 55.071,32.- Euros.

- Coste contratos en prácticas 75 % das retribucións.....41.303,49.- Euros.

Vistas as competencias en materia de persoal que a Xunta de Goberno Local ostenta ex artigo 127.l.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, elévase á súa consideración a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

- Autoriza-la prórroga por un periodo de doce meses dos seguintes contratos en prácticas:

- Contrato suscrito en data 8 de xuño do 2006, con dona Carolina Abalde Cantero, (extendéndose a prórroga dende o 8 de xuño do 2007 ata ó 7 de xuño do 2008) e o contrato suscrito en data 15 de xullo do 2006, con dona Vanesa Rivadulla Fernandez, (extendéndose a prórroga dende ó 15.07.2007 ata 14.07.2008).

- Nos mesmos termos e condicións que figuran no contrato por elas asinados, cun custe estimado de 41.303,49.- €, imputables á partida 121.0.140.000.00- “Outras modalidades de contratación temporal”.

- A modalidade contractual é a do contrato en prácticas, consignado no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, e Real Decreto 488/1998, do 27 de marzo, de desenvolvemento do citado artigo 11 en materia de contratos formativos; dita figura contractual ten por obxecto a adquisición de formación teórica e práctica necesaria para o desenvolvemento adecuado dun posto de traballo que requira un determinado nivel de cualificación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(969).- PRÓRROGA POR TRES MESES DO CONTRATO DUN ADMINISTRATIVO ADSCRITO Ó SERVIZO DE CULTURA. EXPTE. 17296/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 28.05.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización de Recursos Humanos, do 16.05.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo primeiro tenente de alcalde, que di o seguinte:

Antecedentes.-

A Xunta de Goberno Local, en sesións de 12 de febreiro do 2007, (expte. 17080-220), adoptou acordo para a contratación por acumulación de tarefas de dous administrativos/as, un para o servizo de Cultura e outro para o equipo de Inclusión Sociolaboral.

Con data 12 de marzo do 2007 a Alcaldía-Presidencia, formaliza o correspondente contrato con don Ignacio de Loyola Campos Posada, coa categoría de administrativo, adscrito ó servizo de Cultura e polo período de tres meses, sendo a data de finalización do contrato o día 11 de xuño do 2007.

A modalidade é a de un contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas regulado no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto refundido do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o citado artigo 15 ET en materia de contratos de duración determinada.

Tendo en conta o escrito de data 10 de maio do 2007, asinado polo xefe de Servicio de Cultura, don Ignacio Oliveira e conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, no que se pón de manifesto a continuidade das circunstancias que se deron para a contratación inicial, solicitando por parte da mesma a prórroga dos devandito contrato.

E dado que o contrato eventual por circunstancias da produción ou acumulación de tarefas permite unha duración máxima de seis meses dentro do período de un ano –con carácter improrrogable—e sempre que exista consignación presupostaria suficiente para facer fronte ao gasto que se propón, non se observan impedimentos para a autorización da prorroga solicitada, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real-Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006, vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo de 2006.

Custo da prórroga por un período de 3 meses:

Importe RC..... 7.796,16.- Euros.

*-Códigos dos postos e servizos a efectos nómina:Cod. posto Admtvo.: 105,
Cod. servizo Cultura: 330*

-Custo 1 Administrativo x 3 meses.....7.796,16.- Euros.

-	Básicas.....	704,05.-
	C.D.....	398,21.-
	C.E.....	<u>461,74.-</u>
	Total (1 admtvo.x1mes)...	<u>1.564.-</u>
	P.P.Extra.....	782.-

S.S. Concello 774,20.-

Vistas as competencias en materia de persoal que a Xunta de Goberno Local ostenta ex artigo 127.l.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, elévase á súa consideración a seguinte :

PROPOSTA

“PRIMEIRO.- Autoriza-la prórroga dos seguinte contrato:

1º.- Contrato suscrito en data 12 de marzo do 2007, con don Ignacio de Loyola Campos Posada, por un período de tres meses (dende o 12 de xuño do 2007 ata ó 11 de setembro do 2007).

SEGUNDO.- Nos mesmos termos e condicións que figuran no contrato por elas asinados, cun custe estimado de 7.796,16.- €, imputables á partida 121.0.140.000.00- “Outras modalidades de contratación temporal”.

TERCEIRO.- A presente prórroga autorízase sen prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006) en canto á prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(970).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 23.04.07 PARA A COBERTURA TEMPORAL DO PERSOAL DE CEDRO. EXPTE. 17224/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 28.05.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 23 de abril do ano que andamos, adoptou acordo para a cobertura temporal do persoal de CEDRO, durante o seu periodo vacacional, que garante a prestación do servizo, no devandito acordo figura: ...o prazo de presentación de instancias finaliza ó 30 de abril do ano 2007, e debe dicir...30 de maio do ano 2007, estando correcta dita data nos anuncios de publicación na prensa local.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda rectificar o erro cometido no acordo adoptado na sesión ordinaria de 23 de abril de 2007, punto nº 70 “Contratación de persoal para substitucións por período de vacacións na U.A.D. CEDRO”, no parágrafo correspondente á presentación de instancias, facendo constar que “o prazo de presentación de instancias, rematará o día 30 de maio do ano 2007”.

36(971).- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE, DO 24.05.07, DE CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS-SEPULTUREIROS POR UN PERÍODO DE CATRO MESES PARA SUBSTITUCIÓN DE VACACIÓNS. EXPTE. 17291/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Persoal, do 30.05.07, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Por necesidades urxentes do Servizo de Cemiterios foi tramitada unha proposta de contratación de dous oficiais sepultureiros por Decretos do 1º Tenente de Alcalde de datas 24 de maio do 2007, 14 de maio do 2007 e 30 de maio do 2007, aprobando a dita proposta de contratación polo periodo de catro meses para substitucións das vacacións do persoal funcionario.

En consecuencia, e dando cumprimento ao solicitado pola Intervención Xeral en informe de 15 de maio do 2007, proponse á Xunta de Goberno Local, no uso das competencias que lle atribúe en canto á xestión do persoal municipal o artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora ds Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, a adopción do seguinte ACORDO:

“Ratificar os Decretos do 1º Tenente de Alcalde de datas 24 de maio do 2007, 14 de maio do 2007 e 30 de maio do 2007, aprobando por razóns de urxencia a contratación polo periodo de catro meses de dous oficiais sepultureiros para substitucións das vacacións do persoal funcionario adscrito ao Servizo de Cemiterios.”

Acordo

A Xunta de Goberno local ratifica os Decretos do 1º Tenente de Alcalde de datas 24 de maio do 2007, 14 de maio do 2007 e 30 de maio do 2007, aprobando por razóns de urxencia a contratación polo periodo de catro meses de dous oficiais sepultureiros para substitucións das vacacións do persoal funcionario adscrito ao Servizo de Cemiterios.

DECRETO 14.05.07

Antecedentes.

Con data 7 de maio do 2007, a xefa do negociado de Cemiterios, por delegación, dona Maria José Quintela Rodriguez, coa conformidade do concelleiro-delegado da área de asuntos sociais, solicitou a contratación de dous/duas oficiais sepultureiros/as, por un periodo de 4 meses, para garanti-lo disfrute do periodo vacacional dos traballadores do servicio e poder atendé-los soterramentos dos oito cemiterios municipais, agravado todo isto pola existencia dunha baixa permanente por estar liberado sindical o seu titular, ás horas sindicais que habitualmente disfruta outro oficial do Servicio e, á aplicación da xornada reducida de verán, que ós traballadores deste servicio non poden disfrutar e que xenera compensación de horas.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Lei 4/88, de 26 de maio, da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuaráse dacordo coa oferta de emprego publico, mediante convocatoria publica e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre nos que se garantan en todo caso os principios constitucionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderáse tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servicio da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da

Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha reglamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público. Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e coma dispón o artigo 35 do RD 364/95.

Por esta razón, o artigo 249.1 da Lei autonómica 5/97 de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral sexa con carácter xeral o concurso, agás nos casos de urxencia. aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Para cubrir os dous postos e pola urxencia do servizo, recorreríase á selección de entre os candidatos remitidos polo Servizo Galego de Colocación, de conformidade co disposto na Lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, que configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo iso a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas- esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1.b) ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual establécese, como máximo, en seis meses dentro do período de doce meses, sin prexucio do establecido no RD Lei 5/2006, para a mellora e crecemento do Emprego, que establece un período máximo de contratación de 24 meses, nun prazo de 30, contratos, con ou sin solución de continuidade.

Coste de dous Oficiais Sepultureiros, por un período de catro meses: 17.467,50.- Euros

Básicas.....	575,68.- Euros
C.D.....	330,28.- Euros
C.E.....	<u>533,67.- Euros</u>
1 Of. Sep. x 1 mes.....	<u>1.439,63.- “</u>
S.S. a cargo do Concello....	503,87.- “
P.P. extra.....	959,75.- “

Con cargo a partida presupostaria :

“Outras modalidades de contratación temporal” Nº 1210 1400000.

Codigos servizo e posto de traballo a efectos retributivos: Cod. Of. Sepultureiro: Cod. 205 e código servizo Cemiterios: Cod. 303.

Por todo elo, e previo informe da Intervención Xeral, a funcionaria que subscribe propón á a Alcaldía-Presidencia:

Primeiro.- Solicitar do Servizo Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos candidatos/as para dúas prazas de oficial sepultureiro, que responden ás seguintes características:

Titulación esixida: Certificado de Escolaridade ou equivalente, e ter noicións de albanelería.

Segundo.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do sector de Acción Social ou técnico en quen delegue, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e a Xefa da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña un candidato/a co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propoñerá para a contratación ó/á candidato/a que resulte seleccionado por orde de puntuación.

Terceiro.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contratos ós/ás candidato/a proposto pola citada Comisión, por un periodo de catro meses, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses dentro do período de doce meses”, sin prexucio do establecido no RD Lei 5/2006, para a Mellora e crecemento do Emprego, que establece un periodo máximo de contratación de 24 meses, nun prazo de 30, contratos, con ou sin solución de continuidade.

DECRETO DE 24.05.07

Antecedentes.

Con data 7 de maio do 2007, a Xefa do negociado de Cemiterios, por delegación, dona Maria José Quintela Rodriguez, coa conformidade do concelleiro-delegado da área de asuntos sociais, solicitou a contratación de dous/duas oficiais sepultureiros/as, por un periodo de 4 meses, para garanti-lo disfrute do periodo vacacional dos traballadores do servicio e poder atendé-los soterramentos dos oito cemiterios municipais, agravado todo isto pola existencia dunha baixa permanente por estar liberado sindical o seu titular, ás horas sindicais que habitualmente disfruta outro oficial do Servicio e, á aplicación da xornada reducida de verán, que ós traballadores deste servicio non poden disfrutar e que xenera compensación de horas.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 14 de maio do 2007, acórdase a contratación de dous oficiais-sepultureiros, por un periodo de catro meses e a través da solicitude ó Servizo Galego de Contratación de candidatos/as, para cubrir estas contratacións.

Detectándose posteriormente a existencia dunha lista resultante da derradeira Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2002 e para a mesma praza de oficial-sepultureiro e tendo en conta ó acordo cos representantes sindicais do Concello de Vigo, sobor a utilización de ditas listas para substitucións do persoal funcionario, parece oportuno acudir ó chamamento dos aspirantes contidos na mesma.

Unha vez chamados os aprobados de dita lista, resulta ó seguinte: dona Concepción Cousiño Sendín, con D.N.I. N° 36.094.387-G, acepta optar a un dos postos requeridos, renunciando expresamente un dos aspirantes por estar traballando e a outra aspirante ocupa interinamente unha praza de sepultureira no Concello de Vigo.

Dada a inexistencia de mais candidatos dispoñibels na referida lista e dado que queda vacante un dos postos, é necesario recurrir á selección de entre os demandantes de emprego remitidos polo Servizo Galego de Colocación.

En relación ó exposto e en uso das facultades que me otorga a vixente lexislación de réxime local e das que ostento por delegación da Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, efectuada en Decreto de data 23 de outono do 2006,

RESOLVO:

1º.- Contratar como oficial-sepultureira e por un periodo de catro meses a dona Mª Concepción Cousiño Sendín, con D. N.I. 36.094.387-G, como consecuencia da utilización da lista de aprobados para dita praza , resultante da derradeira oferta de emprego do ano 2002 e do acordo co Comité de Persoal.

2º.- Contratar polo mesmo periodo, ó aspirante que resulte seleccionado pola Comisión de Valoración constituída ó efecto, entre os candidatos enviados polo Servicio Galego de Colocación.

3º.- A modalidade contractual é -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses dentro do período de doce meses”, sin prexuício do establecido no RD Lei 5/2006, para a Mellora e crecemento do Emprego, que establece un periodo máximo de contratación de 24 meses, nun prazo de 30, contratos, con ou sin solución de continuidade.

DECRETO 30.05.07

Antecedentes.

Con data 7 de maio do 2007, a Xefa do negociado de Cemiterios, por delegación, dona Maria José Quintela Rodriguez, coa conformidade do concelleiro-delegado da área de asuntos sociais, solicitou a contratación de dous/duas oficiais sepultureiros/as, por un periodo de 4 meses, para garanti-lo disfrute do periodo vacacional dos traballadores do servizo e poder atendé-los soterramentos dos oito cemiterios municipais, agravado todo isto pola existencia dunha baixa permanente por estar liberado sindical o seu titular, ás horas sindicais que habitualmente disfruta outro oficial do Servizo e, á aplicación da xornada reducida de verán, que ós traballadores deste servizo non poden disfrutar e que xenera compensación de horas.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 14 de maio do 2007, acórdase a contratación de dous oficiais-sepultureiros, por un periodo de catro meses e a través da solicitude ó Servizo Galego de Contratación de candidatos/as, para cubrir estas contratacións.

Detectándose posteriormente a existencia dunha lista resultante da derradeira Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2002 e para a mesma praza de oficial-sepultureiro e tendo en conta ó acordo cos representantes sindicais do Concello de Vigo, sobor a utilización de ditas listas para substitucións do persoal funcionario, parece oportuno acudir ó chamamento dos aspirantes contidos na mesma.

Por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 24 de maio do 2007, procédese ó chamamento dos aprobados de dita lista e proposta de contratación de dona Concepción Cousiño Sendín, con D.N.I. nº 36.094.387-G, esgotáanse de este xeito os candidatos dispoñibels e quedando vacante un dos postos de oficial-sepultureiro, para o cal é necesario recurrir a selección de entre os demandantes de emprego remitidos polo Servizo Galego de Colocación.

Con data 30 de maio do 2007, constitúese a Comisión de Valoración nomeada para cubrir o posto vacante.

Unha vez realizadas as probas sobor as tarefas propias do posto de traballo, resulta seleccionado don/a Mateo Rodriguez de Diego, con D.N.I. Nº 53180009-F, por sé-lo aspirante que acadou maior puntuación.

En relación ó exposto e en uso das facultades que me otorga a vixente lexislación de réxime local e das que ostento por delegación da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, efectuada por Decreto de data 23 de outubro do 2006,

RESOLVO:

1º.- Contratar como oficial-sepultureiro e por un período de catro meses a don/a Mateo Rodriguez de Diego, con D.N.I. nº 53180009-F.

2º.- O aspirante deberá presentar na oficina de Persoal, Titulación esixida para o posto, Vida laboral actualizada, copia do D.N.I., tarxeta sanitaria, nº conta bancaria para domiciliar a nómina.

3º.- A modalidade contractual é -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses dentro do período de doce meses”, sin prexuício do establecido no RD Lei 5/2006, para a Mellora e crecemento do Emprego, que establece un período máximo de contratación de 24 meses, nun prazo de 30, contratos, con ou sin solución de continuidade.

*4º.- Códigos de adscripción a efectos retributivos:
Cod. Servicio de Cementerios: 303 Cod. oficial sepultureiro: 205.*

37(972).- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE DE 30.04.07, DE CONTRATACIÓN DE SEIS ORDENANZAS E UN ALGUACIL POR UN PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 17251/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 27.04.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 18 e 20 de abril do 2007 actual, a Xefa de Subalternos coa conformidade da Delegada do Goberno na área de Participación Cidadá, solicita, a contratación de seis ordenanzas e un alguacil-notificador, para paliar as baixas por enfermidade e recentes xubilacións do persoal de Conserxería.

En base as referidas peticións, o Servizo de Persoal procede a tramitación do correspondente expediente para a contratación urxente por acumulación de tarefas, de seis novos subalternos e un alguacil-notificador, que serán adscritos ós Servizos de Conserxería e Alcaldía e poder garantir así o desenvolvemento destes servizos municipais.

Nas bases da última oferta de emprego celebrada correspondente o ano 2002 (BOP 5 de maio de 2003), prevíase na base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións a través dos aspirantes que, non habendo superado a oposición, tivésen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela, sendo nomeados algúns deles interinamente e, resolvéndose o seu nomeamento interino por decretos de datas 12 de

febreiro e 29 de xuño respectivamente en execución dos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 9 de febreiro e 21 de xuño do presente ano.

Asimesmo, na referida acta figuran outros/as aspirantes que con posterioridade foron contratados laboralmente por acumulación de tarefas, por acordos da Xunta de Goberno Local, sempre seguindo a orde de puntuación obtida.

Aos efectos da cobertura destes postos de ordenanza e tendo en conta o anteriormente exposto, os seis aspirantes da referida lista –excluídos aqueles que xa teñen mantido relación contractual laboral con este Concello, aos efectos de evitar o encadenamento de contratos laborais temporais en fraude de lei-, resultarían ser os seis que acepten expresamente, unha eventual contratación temporal por circunstancias da produción por acumulación de tarefas.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder a súa contratación laboral eventual, xa que as citadas/os candidatas/os superaron os exercicios da oposición para a cobertura de catro prazas de subalterno e non se incurre en contratación laboral fraudulenta.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da Lei 4/88, de 26 de maio, da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cobertura de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da Lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro) e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses dentro do período máximo de 12 meses.

Autorízase esta contratación sin prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006) en canto a prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.

Enténdese, por outra banda, amparada ésta contratación ó abeiro do disposto na Lei de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2007, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servizo de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.

O importe das contratacións de seis subalternos e un alguacil-notificador, por un periodo de tres meses, ascende a un total de 44.099.-€ .

Códigos dos postos de Trballo e Servicios a efectos retributivos:

- Cód. 155-Ordenanza-Porteiro, Cód. 152: Alguacil-notificador,e
- Cód. Servicio Conserxería: Cod. 201:

Coste total de seis ordenanzas mas un alguacil por 3 meses: 44.099.- Euros

Coste seis Ordenanzas-Porteiros por 3 meses 37.653,78.- Euros.

Básicas	525,57.-
C.D.	307,64.-
C.E.	<u>546,05.-</u>
	1.379,26

P.P.Extra 689,63.-
S,S.Concello 482,74.-

Coste un Alguacil-Notificador x 3 meses 6.445,00.- Euros.

Básicas	525,57.-
C.D.	307,64.-
C.E.	<u>583,31.-</u>
	1.416,52

P.P. extra 708,26.-
S.S. Concello 495,70.-

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, a técnica que subscribe, propón a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

Formalización pola Alcaldía Presidencia dos seis contratos laborais-temporais, como ordenanzas-porteiros e un como alguacil-notificador, cos aspirantes que figuran na lista de substitucións, recollida na Acta do Tribunal cualificador de data 18 de decembro de 2003, correspondente as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira, que lle corresponda por orde de puntuación e que acepten expresamente, unha eventual contratación temporal por circunstancias da produción, por acumulación de tarefas e que són os seguintes:

Coa categoría de ordenanzas-porteiros, a dona Manuela González Torres, con D.N.I. nº 36.103.153-F, don Antonio Sanchez Cerro, con D.N.I. nº 6.989.451-G, dona María Amante Caride Pérez, con D.N.I.36.030.858-R, don Ramón Riveiro Brianes, con D.N.I. nº 36.069.717-J, don Casto Llano Fernández, con D.N.I.36.047.289-X e don Diego André Rivas, con D.N.I. nº 36.144.321-M.

Coa categoría de alguacila-notificadora a dona Susana María Ormíguez Pérez, con D.N.I. Nº 36.066.297-C.

O período de contratación será de tres meses, en xornada de traballo de mañán ou tarde, indistintamente, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, regulado polo R.D. lexislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art 8.2 e 15, Lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, tendo en conta, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006), vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo do 2006, para evitar o encadeamento de contratos, que é de 24 meses nun período de 30.

Os referidos aspirantes prestarán ós servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Ordenanza-Porteiro, e cód. 152 alguacil-notificador, da Relación de Postos de traballo vixente, modificada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23 de decembro de 2005.

Con data 30.10.07 o primeiro tenente de Alcalde resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local ratifica a precedente resolución do primeiro tenente de Alcalde, do 30.10.07.

38(973).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS POR XONADA PARTIDA CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2007. EXPTE. 17302/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 25.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa de Área de Réxime Interior, do 18.05.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por dona M^a del Carmen Barros Abalde e remata por dona M^a Carmen Otero Rodríguez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de ABRIL-2007, e que ascenden a un total de 516'52 € (CINCOCEMOS DEZASEIS EUROS CON CINCOENTA E DOUS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADES.

39(974).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL, MESES DE DECEMBRO 2006 E ABRIL 2007. EXPTE. 17290/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 25.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa de Área de Réxime Interior, do 25.05.07, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de DECEMBRO-2006 e ABRIL-2007, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓN, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

Servicio de Extinción de Incendios, relación que se achega no expediente e que comeza por don Francisco Abreu Torres e remata por don José Carlos Vila Da Vila, por un total de 848'00 horas.

Policía Local, relacións que se achega no expediente e que comezan por don Constante Alonso Caride e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 1.953'30 horas .

Parque Móbil, relación que se achega no expediente e que comeza por don Francisco Javier Agulla Amorin e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 569'15 horas.

Inspección de Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ricardo Lobato Cameselle e remata por don Benigno Salgueiro Piñeiro, por un total de 75'00 horas.

Oficina Supervisora de Proxectos e Inspección de Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don José Eugenio Matilde Viñas e rematan por don Angel Ferro Mancho, por un total de 22'00 horas.

Desinfección, relación que se achega no expediente e que comeza por don Ricardo González Arzua e remata por don José Ramón Seijas Alvarez, por un total de 164'00 horas.

Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 200'30 horas.

Conserxería, relación que se achega no expediente e que comezan por don Francisco Martínez Muñoz e rematan por dona M^a Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 36'30 horas.

Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Luis Vidal Alvarez, por un total de 484'00 horas.

Vías e Obras, relación que se achega no expediente e que comeza por don Miguel Angel Alonso Cue e remata por don José Manuel Martínez González, por un total de 180'00 horas.

Parque Central, relación que se achega no expediente e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don Bernardo Rodríguez Lestón, por un total de 99'00 horas.

O montante do presente expediente ascende a un total de 36,785'39 € (TRINTA E SEIS MIL SETECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS).

40(975).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE XUÑO DE 2007. EXPTE. 17297/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 24.05.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 16.05.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 10862,93 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Benestar Social, Mobilidade e Seguridade, Parque Móbil, Ospio, Patrimonio e Contatación, Limpeza, Vias e Obras, Normalización Lingüística, Atención Cidadá, Museo Municipal “ Quiñones de León”, Educación, Cemiterios, Sanidade, Inspección de Tributos e Conserxería con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

	Servicio	Total
3130	Benestar Social	32,3
2220	Mobilidade e Seguridade	717,63
1212	Parque Móbil	221,17
5110	OSPPIO	1287,06
1211	Patrimonio e Contratacion	109,82
4420	Limpeza	1609,22
5110	Vias e obras	1987,15
4633	Normalización Línguística	3,8
4631	Atencion cidadada	18,24
4513	Museo Municipal "Quiñones de León"	70,3
4220	Educación	858,8
4430	Cementerios	152,38
4120	Sanidade	191,33
6110	Inspección de Tributos	3152,48
1210	Conserxería	451,25
		10862,93

41(976).- RECURSO INTERPOSTO CONTRA O PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE ADMINISTRATIVOS/AS DE ADMÓN. XERAL –OFERTA DE EMPREGO DE 2005 (QUENDA PROMOCIÓN INTERNA).

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do titular do órgano de Apoio á Xunta de Goberno local, do 27.05.07, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

Con data de rexistro de entrada do 4 de maio de 2007 un grupo de funcionarios presentados o proceso selectivo para o nomeamento de administrativos/as de administración xeral correspondentes a oferta de emprego de 2005 (quenda de promoción interna), presentan recurso, que denominan de reposición, e que di interperse ao abeiro

do artigo 14.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, e que fundamentann na utilización do idioma galego no enunciado das preguntas do exercicio, que era tipo test, alegándose que, de acordo coa normativa en vigor, o enunciado debería redactarse tamén no outro idioma oficial.

A cualificación obtida no exame polos recorrentes é a seguinte:

FONTAN RIVEIRO ANA ISABEL	3,75
AMEZ MURAS	0,37
BRUZON ALCAÑIZ M DEL ROCIO	3,63
BILBAO ECHEGARAY MARIA INMACULADA	1,38
NOVOA RODRIGUEZ CAROLINA	2,5
RODRIGUEZ PEQUEÑO MARIA ELENA	3,5
RAPOSO AGUIAR JOSE MARIA	0,25
ANDRE LORENZO TERESA	2,63
ABALDE POSADA OLGA	1,38
CABALEIRO BESADA MIRTHA SUSANA	2,63

Na acta da reunión do tribunal do día 24 de abril consta que Severino Domínguez Costa, representante no Tribunal polo Comité de Persoal, solicita que os cuestionarios se entreguen en castelán aos opositores que o soliciten, e non exclusivamente en galego. O resto dos membros do Tribunal acorda repartilos en galego, se ben advertíndolle aos opositores que os membros do Tribunal resolverían as dúbidas que se lle puideran presentar.

Na acta da reunión do día 8 de maio de 2007 consta que se da conta así mesmo da presentación dun recurso de reposición contra a utilización do idioma galego no cuestionario tipo test do primeiro exercicio. Todos os membros do Tribunal se manifestar a favor de que se desestime, se ben se acorda que no sucesivo se formulen os enunciados dos exames nos dous idiomas oficiais.

LEXISLACIÓN APLICABLE.

Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo (BOP 17 de maio 1989), artigos 2 e 14.

Lei 5/1988, do uso do galego como lingua oficial pola entidades locais.

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Estatuto de Autonomía (artigo 5).

Constitución española (Artigo 3).

Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia (art. 33) e o proxecto de lei para a súa modificación.

INFORME.

Natureza do recurso. O recurso, interposto ao abeiro do artigo 14.2 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, contra a autoridade que teña nomeado ao seu presidente (neste caso a Xunta de Goberno), é denominado neste artigo como recurso ordinario.

Os opositores, ao tratarse dunha promoción interna, son funcionarios do Concello de Vigo, polo que non deberían ter dificultade para a comprensión dos enunciados das preguntas redactadas en galego, de acordo coa ordenanza de normalización lingüística e demais lexislación aplicable. Neste sentido hai que ter en conta o que se establece nos artigos 2 e 14 da Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo (BOP 17 de maio 1989).

Ademais en este caso nin sequera se trataba de redactar algunha parte do exame en galego, xa que é tipo test, e os membros do tribunal, que concedeu cinco minutos antes do inicio cómputo do tempo para a lectura dos cuestionarios, aclararon todas as dúbidas sobre os enunciados das preguntas que se formularon.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións xurídicas do presente informe, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Desestimar o recurso de reposición presentado por un grupo de funcionarios (D^a. FONTAN RIVEIRO ANA ISABEL, D^a. AMEZ MURAS LAURA, D^a. BRUZON ALCAÑIZ M DEL ROCIO, D^a. BILBAO ECHEGARAY MARIA INMACULADA, D^a. NOVOA RODRIGUEZ CAROLINA, D^a. RODRIGUEZ PEQUEÑO MARIA ELENA, D^a. RAPOSO AGUIAR JOSE MARIA, D^a. ANDRE LORENZO TERESA, D^a. ABALDE POSADA OLGA, D^a. CABALEIRO BESADA MIRTHA SUSANA) presentados o proceso selectivo contra a decisión do tribunal cualificador da proba celebrada o día 24 de abril de 2007 no proceso selectivo para o nomeamento como funcionarios de carreira de administrativos/as de administración xeral, na oferta de emprego de 2005.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

42(977).- ADXUDICACIÓN DE DOCE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA CORRESPONDENTE Ó PERÍODO ESTIVAL 2007. EXPTE. 2128/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 31.05.07, conformado pola concelleira de Turismo e Comercio, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar as doce bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de información turística municipal, ós/ás aspirantes que foron admitidos/as a esta convocatoria e que acadaron maior puntuación, e que por orde, son:

	APELIDOS E NOME	PUNTUACION	DNI
1.	Burdeos Quintana, Ramón	12,65	44.448.596-S
2.	Díaz López, Emma	9,50	34.261.744-R
3.	Baqueiro Alfonso, Laura	9,15	53.171.768-T
4.	Sacarrera López, Ana	8,50	36.155.159-X
5.	Costoya Noguerol, Araceli	6,90	36.174.059-G
6.	Barreira Fidalgo, Natalia	6,50	36.157.165-S
7.	Martínez Nieves, Isabel	6,15	36.107.552-J
8.	Balado Figueroa, Ana	5,30	36.133.593-H
9.	González Martínez, Ana Belén	5,30	36.170.680-Y
10.	Mata Comesaña, Patricia Belén	5,00	36.114.437-K
11.	López Pérez, Patricia	4,90	39.450.217-L
12.	García Conde, Patricia	4,75	36.168.768-A

2º.- Aprobar a lista de suplentes seguinte, por orde de puntuación acadada:

1.	González Sellán, Marta	4,30	36.173.503-T
----	------------------------	------	--------------

2. Domínguez Pérez Saila	4,15	77.006.159-C
3. Torres López, Patricia	2,70	36.140.833-J

43(978).- ACLARACIÓN DA CONDICIÓ N RESOLUTORIA CONTIDA NAS ESCRITURAS DE COMPRAVENDA DAS VIVENDAS SITAS NA RÚA ANDURIÑA FORMALIZADA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E OS OCUPANTES LEGAIS DA UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO II. EXPTE. 4754/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de Admón. Xeral, do 30.05.07, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O Pleno do Concello de Vigo o 30 de novembro de 1995, acordou recoñecer con carácter provisional o dereito de realoxamento de ocupantes legais, subordinando o recoñecemento definitivo deste dereito á aprobación definitiva do proxecto de compensación e á xustificación da súa condición. No apartado terceiro da parte dispositiva se facía mención ó seguinte: “(...) No prazo de quince días a contar dende a data do presente acordo, a Xunta de Compensación da UE Rosalía de Castro II constituirá aval neste Concello por importe de 25.000.000 pesetas. O aval realizarase e ingresarase a favor do Concello a devandita cantidade no caso de que o proxecto de compensación modificado e debidamente tramitado non se presente no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo antes do día 30 de marzo de 1999 (...)”.

En data 29.04.02 o mesmo órgano municipal acordou o seguinte: “(...) Recoñecer con carácter definitivo, baixo a condición suspensiva de prestación dos avais referidos na parte expositiva deste acordo, o dereito de realoxamento ás persoas que a continuación se citan (...)” .

Consta no expediente os seguintes avais presentados pola Xunta de Compensación:

- *Aval de “Bankinter S.A.” a favor do Concello por importe de 150.253,03 €. Data depósito 04.07.2002 e número de operación 200200027855.*
- *Aval de “Bankinter S.A.” a favor do Concello por importe de 111.187,23 €. Data de depósito 15.01.03 e número de operación 200300001365.*
- *Aval de “Bankinter S.A.” a favor do Concello por importe de 197.796,97 €. Data de depósito 4.07.02 e número de operación 200200027846.*

En data 16.01.03 don Tomás Rodríguez Díaz comunica o depósito das garantías aludidas e solicita a devolución do aval por importe de 150.253,03 €. Así mesmo o 5.06.06 don Jose Manuel Fernández Domínguez solicita a devolución de todas as garantías depositadas.

O 9.05.07 o Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo resolveu o seguinte: “(...) 1.- Acceder á solicitude formulada pola Xunta de Compensación da UE I-06 Rosalía de Castro 2 e proceder á devolución do aval depositado o 4.07.02 de “Bankinter, S.A.” a favor do Concello (número de operación 200200027855, importe do aval 150.253,03 €) dado que se cumpriu a condición de devolución consistente na aprobación do proxecto de equidistribución. 2.- Comunicar que con respecto o resto dos avais de “Bankinter S.A.” a favor do Concello (importe de 111.187,23 € e 197.796,97 €), serán inmediatamente devoltos cando se constate fehacientemente que se abonou a cantidade total do importe estipulado como de compravenda das vivendas da rúa Anduriña (...)”.

Para o pagamento do importe que lle corresponde ós propietarios solicitaron os correspondentes créditos hipotecarios. Segundo manifestacións dos representantes das entidades crediticias e dos propios interesados, a formalización do correspondente crédito hipotecario non pode ser efectivo ata que se cancele a condición resolutoria contida nas escrituras de compravenda e cuxo tenor literal é o seguinte :”(...) Las partes, conocedores del contenido de los distintos acuerdos adoptados por el Pleno del Concello de Vigo sobre el expediente de traslado de inquilinos de la UA I-06 de Rosalía de Castro II, aceptan que la definitiva falta de aprobación del proyecto de compensación de la citada UA tenga la consideración de condición resolutoria expresa. Asimismo el incumplimiento de la obligación de pago del precio aplazado en el plazo de quince días a contar desde la certificación municipal de la aprobación definitiva del proyecto de compensación, consignada en la estipulación anterior, así como del acuerdo de 9 de Noviembre de 1998 y que debe considerarse vigente el día 29 de Abril del año 2002, facultará al Ayuntamiento de Vigo, a instar la resolución del presente contrato de compraventa, esto al margen de la ejecución simultánea del primero de los avales constituido por la Junta de Compensación, en garantía de la parte del precio que debe abonar la Junta (...).”

Polo tanto, á vista da dobre condición resolutoria contida nas escrituras de compravenda formalizadas entre o Concello de Vigo e os ocupantes afectados pola UA I-06 Rosalía de Castro II, tense que informar o seguinte:

- *Que a condición resolutoria no que respecta á aprobación definitiva do proxecto de compensación da UA I-06 Rosalía de Castro II no que respecta á aprobación do proxecto de compensación está extinguida tra-lo acordo da Xunta de goberno local de 14.02.05.*
- *En relación coa segunda cláusula da condición resolutoria (no que respecta á constatación do pagamento do importe aprazado), quedará inmediatamente sen efecto e, polo tanto extinguida, cando se constate o pagamento das cantidades aprazadas en cada escritura de compravenda. Polo tanto non existe ningún inconveniente para que no mesmo acto de pagamento se considere extinguida totalmente a condición resolutoria contida nas escrituras de compravenda formalizadas entre o Concello de Vigo e os ocupantes realoxados tra-lo desenvolvemento da UA I-06 Rosalía de Castro II.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

44(979).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO “EDIFICIO AIRIÑOS” CONTRA RESOLUCIÓN DO VICEPRESIDENTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO 7.12.06. EXPTE. 55921/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de Admón. Xeral, do 8.05.07, conformado polo director da oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O 7.12.06 o Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo dictou a seguinte resolución: “(...) Desestimar a solicitude da Comunidade de propietarios Airiños para a construción dun cerramento nos números 22-24 e 26 da rúa Marín, ao invadir unha zona verde do PERI II-05 Rocío xa aprobado, no que se empraza (...).”

En data 16.01.07 don Jerónimo Cachón Huerga, en representación da que dice ostentar do “Edificio Airiños”, interpoñe recurso de reposición á antedita resolución.

Dado traslado do recurso ós interesados, o día 12.03.07 o Insituto Galego da Vivenda e do Solo presenta alegacións. Así mesmo, o Presidente da Xunta de Compensación do PERI II-05 Rocío presenta no Rexistro da Xerencia municipal de urbanismo escrito de oposición ó recurso de reposición o 27.04.07.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.-Admisibilidade do recurso de reposición interposto.- De acordo co establecido nos artigos 110 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, procede a admisión do recurso interposto no que se refire á resolución do Vicepresidente da XMU de 7.12.06. No que respecta ás apreciacións dos recorrentes con respecto á aprobación definitiva do PERI II-05 Rocío (BOP 26.11.02, DOGA 11.12.01), proxecto de compensación (exposición ó público BOP 13.05.04) e urbanización (exposición pública 6.10.04), debe ser inadmitido por extemporáneo.

2.- Obxecto de recurso de reposición interposto pola Comunidade de Propietarios do “Edificio Airiños”.- O obxecto do recurso é a resolución do Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo de 7.12.06 polo que se desestima a solicitude de construción dun muro de peche dentro do ámbito do PERI II-05 Rocío. Así mesmo, se pretende que se declare a nulidade ou anulabilidade da aprobación definitiva do PERI II-05 Rocío, da aprobación definitiva do proxecto de compensación e de urbanización.

3.-Fundamentos legais que motiva a desestimación do recurso de reposición interposto.- A seguir se analizan particularmente os argumentos legais polos que se entende axustada á Dereito á resolución do Vicepresidente da XMU de 7.12.06:

- Imposibilidade de outorgar licenza de construción dun muro de peche dentro dun ámbito que se encontra en desenvolvemento e que tra-la aprobación do proxecto de compensación e urbanización pola Xunta de goberno local de 20.12.04 e 23.05.05 respectivamente. Tra-lo desenvolvemento urbanístico o lugar exacto onde se pretende a construción dun muro está prevista a ubicación dunha zona de espazo libre-zona verde. A incompatibilidade da proposta contida na solicitude de licenza e a propia ordenación derivada do PERI II-05 Rocío, plasmada no propio proxecto de urbanización, fai que sexa incompatible a construción dun muro de peche e a ubicación dun espazo libre-zona verde, todo elo con independencia de quen sexa titular do terreo.

- Conforme o establecido no artigo 12 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o regulamento de servizos das Corporacións Locais, as autorizacións e licenzas se entenderán outorgadas a salvo do dereito de propiedade en sen prexuízo de terceiro (principio xeral aludido por reiterada Xurisprudencia, en concreto STS de 14.05.2001; La Ley 2001, 7951. STS de 18.02.1999; La Ley 1999, 2731. Etc.),. Este principio xeral vence para o caso de que se traten de bens integrados como propios ou de dominio público no inventario de bens do Concello (vid. SSTS de 25.07.1989 <EC 1131/91> e 03.07.1991 <La Ley 1991, 4299>). No presente caso ó abeiro do disposto no artigo 118.1 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a aprobación do proxecto de equidistribución implica a transmisión ó municipio, en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación ó patrimonio municipal do solo ou a súa afectación ós usos previstos no planeamento. Dita previsión é aludida no propio artigo 124 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, concluíndo no segundo apartado do aludido artigo, que os terreos que o plan destine ó dominio público municipal quedarán afectos ó mesmo sen máis trámites.

- Por outra parte, os recorrentes aproveitan a interposición do recurso para poñer de manifesto de que son titulares dunha parte de terreo que entenden incluída dentro da delimitación do polígono que se está a executar

como PERI II-05 Rocío. Ao respecto é necesario informar que a parcela da que din ser propietarios está englobada dentro das de orixe do proxecto de compensación co número 16 e consta no documento aludido coa seguinte descripción: "(...) Urbana: Parcela número uno, incluída en el PERI denominado PERI II-05 "El Rocío" en el polígono de Coia, término municipal de Vigo, tiene una superficie de mil ciento cuarenta y cuatro metros cuadrados, y linda: Norte, Vllarrube, S.L.; Sur, Rúa Marín; Este, Edificio Bloque número 39 de Rúa Marín y Oeste, Hermanas Oblatas (...) Título: Le pertenece el pleno dominio al <INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E DO SOLO>, por título de segregación, en virtud de la escritura pública autorizada por el Notario de Vigo, Don Alejo Calatayud, de fecha 26 de Octubre de 2000, número 1897 de su protocolo. INSCRIPCIÓN REGISTRAL: Libro 1.053, folio 170, finca 63444, inscripción1ª (...)". El aprovechamiento que se genera la mencionada parcela en el proyecto de compensación está ubicado en la parcela de resultado "RT1" que ten a seguinte descripción: "(...) Se trata de una parcela de 700 m2 sobre la que se ubicará una torre con una ocupación sobre solar de 500,00 m2 y una zona verde privada sobre sótano de 200 m2, que no será objeto de cesión de uso de superficie al Ayuntamiento. Consta de 15 plantas para un total de 60 viviendas de edificación abierta en torres para vivienda colectiva (...)". O Instituto Galego da Vivenda e do Solo participa na mencionada parcela nun 12,32% por subrogación real da finca de orixe número 16. Como ven se poñe de manifesto no escrito de alegacións realizado polo presidente da Xunta de Compensación do PERI II-05 Rocío, de acordo co previsto no artigo 9º da Lei Orgánica 6/85, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, esta Administración municipal carece de potestasdes xurisdiccionais para resolver conflitos ou controversias de índole civil. Por todo elo, deberase comunicar ós recurrntes que para facer valer os seus dereitos deberán interpoñer as accións que estimen oportunas perante os Órganos Xurisdiccionais civís.

- O obxecto do recurso pese que é a resolución do Vicepresidente da XMU de 7.12.06 e a consecuente desestimación da solicitude de licenza para a construción dun muro de peche, alegan que no expediente de aprobación do proxecto de compensación e urbanización non se lles tivo como interesados e polo tanto, conclúen que incurren nun vicio de nulidade ou anulabilidade dos instrumentos de execución xurídica e material do polígono. Ao respecto, sen prexuízo da extemporaneidade desta parte do recurso, hai que informar que o Instituto Galego da Vivenda e do Solo xustificou a titularidade da parcela número 6 mediante escritura de 26.10.00 de segregación outorgada ante o Notario don Alejo Calatayud Sempere (protocolo número 1897) pertencendo o mencionado organismo autónomo en virtud do real decreto 1461/1989, de 1 de decembro, sobre ampliación de medios adscritos a los servicios de la Administración del Estado traspasados á CCAA de Galicia por real decreto 1962/85, de 11 de setembro. A parcela en cuestión está inscrita no Rexistro da propiedade no libro 1.053, folio 170, finca 63.444, inscripción primeira a nome do propio Instituto Galego da Vivenda e do Solo. Calquera controversia que se suscite en canto a titularidade dos dereitos de propiedade achegados, deberá sustanciarse pola xurisdicción civil (artigo 103.4 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto), sen que unha omisión, error ou falsidade na xustificación poida afectar o resultado obxectivo da reparcelación. En ningún caso se aprecia falla de dilixencia por parte da Administración municipal por canto no expediente consta xustificación documental da titularidade do dereito de propiedade (incluso con inscripción rexistral) da parcela de orixe número 6º. No expediente se outorgou audiencia e se tivo por parte ó IGVS, organismo que xustificou o seu dereito de propiedade, sen prexuízo do que poida resultar da resolución xudicial na orde civil, controversia sobre a que esta Administración municipal non pode realizar ningún pronunciamento.

4.-Órgano competente para a resolución do recurso de reposición.- A entrada en vigor a Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, o artigo 127.1.e atribúe a competencia para a concesión de calquera tipo de licenza á Xunta de Goberno Local tendo sido delegada no concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente por medio de resolución do citado órgano colexiado do 5 de xaneiro de 2004. Non obstante, como o recurso de reposición se interpoñe tamén fronte a actos nos que a Xunta de Goberno Local ten atribuída a competencia en aplicación do artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril e partindo que a competencia

orixinaria para o outorgamento de licenzas (e resolución dos recursos) é da Xunta de Goberno Local, procede que o recurso interposto sexa resolto polo antedito órgano colexiado.

Por todo elo, proponse a adopción do seguinte acordo:

1.- Desestimar o recurso de reposición interposto pola “Comunidade de propietarios Edificio Airiños” á resolución do Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo de 7.12.06 pola que se desestima a solicitude de licenza de construción de muro de peche nos números 22, 24 e 26 da rúa Marín. Ó abeiro do disposto no artigo 14 da Lei 30/92, de 26 de novembro, avocar para este concreto punto do acordo a competencia delegada previamente no Vicepresidente da XMU por acordo da XGL de 5.01.04.

2.-Inadmitir o recurso interposto pola “Comunidade de propietarios Edificio Airiños” ós acordos de aprobación definitiva do PERI II-05 Rocío, proxecto de compensación e de urbanización do polígono por ser extemporáneo e no caso do instrumento de ordenación por non haber recurso en vía administrativa fronte a disposicións de carácter xeral (107.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro).

3.- Comunicar ós recurrentes que ó abeiro do disposto no artigo 103.4 calquera controversia de índole civil deberá ser resolta polos órganos xurisdiccionais desta orde.

4.- Informar que contra o presente acordo non cabe recurso en vía administrativa, pero si contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

45(980).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A TENDIDOS MONCOSA S.A. POR ACOMETIDA ELÉCTRICA RÚA ENRIQUE LORENZO. EXPTE. 51540/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 23.05.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude formulada por TENDIDOS MONCOSA S.A., en relación o aval constituído en data 21/04/2006, para responder dos danos que pudesan ocasionarse por execución de acometida eléctrica r/ Enrique Lorenzo, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 23 de maio de 2007, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:

PROPONSE

Proceder a devolución do aval a TENDIDOS MONCOSA S.A., constituído na data reseñada, polo importe de 173,53 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a TENDIDOS MONCOSA S.A., constituído na data reseñada, polo importe de 173,53 euros.

46(981).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ELYME S.L. POR ACOMETIDA ELÉCTRICA NA RÚA ARAGÓN. EXPTE. 51703/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 23.05.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude formulada por ELYME S.L., en relación o aval constituído en data 03/10/2006, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de acometida eléctrica r/ Aragón, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 23 de maio de 2007, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:

PROPONSE

Proceder a devolución do aval a ELYME S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 1.149,45 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a ELYME S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 1.149,45 euros.

47(982).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A ELYME S.L. POR ACOMETIDA ELÉCTRICA RÚA JOSÉ FRAU Nº 4. EXPTE. 48394/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe do Negociado de Vías e Obras, do 23.05.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude formulada por ELYME S.L., en relación o aval constituído en data 06/09/2005, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de acometida eléctrica r/ José Frau nº 4, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 23 de maio de 2007, donde se reseña que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que:

PROPONSE

Proceder a devolución do aval a ELYME S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 753,08 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder a devolución do aval a ELYME S.L., constituído na data reseñada, polo importe de 753,08 euros.

49(983).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DR. FLEMING PARA DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL DURANTE O ANO 2007. EXPTE. 1932/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 15.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 9.05.07, conformado pola concelleira delegada da Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUCTOR FLEMING C.I.F. G 36709004, por importe de 15.117,50 € (QUINCE MIL CENTO DEZASETE CON CINCOENTA) EUROS para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2007, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

2º.- Que se libre a cantidade de 7.558,75 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio, e o 50% restante (7.758,75 €) á finalización do mesmo.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE O ANO 2007”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2007

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.José Ramón Mosquera Torres con D.N.I. 36.109.666 B, como presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, C.I.F G-.G-36.663.618

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Así , entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

- A dinamización do tecido asociativo.*
- Favorecer a consolidación e autonomía das asociacións.*
- Crear espazos de participación xuvenil*
- Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inquiredanzas d@s xoves*
- Fomentar a participación e o asociacionismo xuvenil e favorecer a consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada*
- Canalizar as propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.*
- Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.*
- Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.*

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de agosto do presente ano , consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades de dinamización xuvenil destinadas aos xoves da zona de Hispanidade e inmediacións de Povisa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.

B.- Que a Asociación Veciñal Dr. Fleming, recoñece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .

C- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I dacordo coa memoria económica que se achega.

2 .- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 15.117,50 € (QUINCE MIL CENTO DEZASETE CON CINCOENTA)EUROS á Asociación Veciñal Dr. Fleming, con cargo á partida 4520.226.08.00, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 ,en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo..

O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargada do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

3.-A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR.FLEMING , deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word.

4.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Abor as taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.

5.- A entidade participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá duración ata o 31 de decembro do 2007.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro do programa de dinamización xuvenil pola Asociación de Veciñal Dr. Fleming son as seguintes:

- Noites vivas . Os venres e sábados de 22:00 a 01:00 A.M, mediante a realización de 2 obradoiros, xogos de mesa libres e pachanga nocturna ao aire libre.
- O orzamento destinado a esta actividade ascende a 8.000 € (200 € noite)

As actividades de Noites Vivas serán desenvolvidas durante 40 días , tempo que deberán permanecer abertas ó público as instalacións, co obxecto de recibir aos xoves que desexen participar nas actividades programadas.

- Verán de Lecer. Drixido a nenos e nenas de 5 a 14 anos, durante o mes de xullo en horario de 10:30 a 13:30 hs, e dous días de 10:30 a 19:30hs.
- O número de prazas correspondentes a esta actividade que se ofertarán dentro do programa municipal de Campamentos de Verán, será de 120 (60 por quenda).
- O orzamento destinado a esta actividade ascende a 7.717,50 €.

O orzamento total das actividades obxecto do presente convenio ascende 15.117,50 €

50(984).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN CAMIÑO VELLO DE COIA PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE O ANO 2007. EXPTE. 1931/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 15.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 9.05.07, conformado pola concelleira delegada da Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se achega, entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, C.I.F G-36648186, por importe de 7.640 € (SETE MIL SEISCENTOS COARENTA) EUROS para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2007, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

2º.- Que se libre a cantidade de 3.820 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (3.820 €) á finalización do mesmo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE O ANO 2007”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2007

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn. Ventura Pérez Vila D.N.I. 36.026.719 como presidente da Asociación Veciñal Camiño Vello, C.I.F G-.36648186 .

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Así , entre os obxectivos a conquistar coa sinatura do presente convenio están:

- A dinamización do tecido asociativo.
- Favorecer a consolidación e autonomía das asociacións.
- Crear espazos de participación xuvenil
- Colaborar cos axentes soais para conquistar unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inxedanzas [d@s](#) xoves
- Fomentar a participación e o asociacionismo xuvenil e favorecer a consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada
- Canalizar as propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.
- Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.
- Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenvolvemento dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de decembro do presente ano , consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades de dinamización xuvenil destinadas aos xoves da zona de Coia.

A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.

B.- Que a Asociación Veciñal Camiño Vello, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .

C- Que as accións a convenir terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I dacordo coa memoria económica que se achega.

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 7.640 € (SETE MIL SEISCENTOS COARENTA)EUROS á Asociación VeciñalCamiño Vello ,con cargo á partida 4520.226.08.00, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 ,en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo..

O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargada do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

3.-A ASOCIACIÓN VECIÑALCAMIÑO VELLO, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word.

4.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Abor as taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectuar o Concello.

5.- A entidade participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá duración ata o 31 dede decembro do 2007.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro do programa de dinamización xuvenil na Asociación de Veciños Camiño Vello e no Pavillón de deportes de Coia son as seguintes:

- Noites vivas
- Iniciación á cultura galega
- Dardos
- Coiro
- Globoflexia
- Acceso a Internet

- *Día do mozo*

As actividades de Noites Vivas serán desenvolvidas durante 25 venres en horario de 22:00 a 1:00, tempo que deberán permanecer abertas ó público as instalacións, co obxecto de recibir ó público que desexe participar nas actividades programadas.

O presuposto destinado a esta actividade ascende a 5.000 € (25 x 200 €), e 2.640 € están destinados aao apoio dos 22 colectivos participantes nas restantes actividades.

51(985).- PROXECTO DE CONVENIO CO CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA DESENVOLVER UN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 1921/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 8.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 23.04.07, conformado pola concelleira delegada da Área e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio para desenvolver un Programa de Dinamización Infantil e Xuvenil, concretado nunha Ludoteca, entre o Concello de Vigo e a Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 20.600 euros a favor da entidade; Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo, C.I.F. G-36.6627495. con cargo á partida 4520.489.00.00 do vixente orzamento.

3º.- Facultar á concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Lucía Molares Pérez, para a sinatura do presente convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL .

En Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, A concellería delegada de Xuventude Dña. Lucía Molares Pérez, en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, D. Angel L. Álvarez González, con D.N.I. 36114117-T en representación do Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo, C.I.F. G-36.627.495.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo.

Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nen@s en Coruxo.

Que a Asociación de CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL (CRAC) DE CORUXO está interesada en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido á problemática social da zona.

Que, ademais, dita asociación conta con espazos onde poder levar a cabo actividades lúdicas e de educación non formal.

Que a CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL (CRAC) DE CORUXO vén colaborando coa Concellería de Xuventude dende 2001 na realización de actividades .

Que en aras do interese social que para a cidade de Vigo teno desenvolvemento desta actividade, o Excmo. Concello de Vigo e a Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo conveñen a realización do mesmo sendo o Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo unha entidade que conta cos medios adecuados e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese público e zonal. Polo que se establecen as seguintes:

ESTIPULACIÓNS:

PRIMEIRA - A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2007; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social dado que a actividade a desenvolver vai dirixida á ocupación do ocio e tempo de lecer dos nenos e nenas con idades comprendidas entre os 7 e 12 anos, dun xeito lúdico e formativo, polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS. dada a importancia que ten esta actividade a nivel socio-educativo cara a poboación infantil e xuvenil.

Por outra banda esta é unha das tres entidades que ten capacidade organizativa para desenvolver un programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca na cidade de Vigo, sendo as outras dúas obxecto de posteriores convenios con esta Concellería, razón pola que a subvención que regula este convenio non obedece aos principios de publicidade e concorrência.

O Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

En canto a subcontratación das actividades a porcentaxe non poderá superar o 75% do orzamento total

SEGUNDA- O Excmo. Concello de Vigo comprometése a:

2.1.- *Autorizar o desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante dez meses do ano 2007.*

2.2.- *Aboar ao Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo a cantidade de 20.600 € (VINTE MIL SEISCENTOS) EUROS pola organización e desenvolvemento dun programa de Dinamización Infantil Xuvenil, concretado nunha Ludoteca durante o ano 2007, con cargo á partida 4520.489.00.01“ Convenios subvencións Actividades Xuvenís” do orzamento en vigor. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50% do importe total (10.300 €) á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante (10.300 €) á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*

A xustificación do importe total recibido presentarase coa certificación dun técnico do servizo de Xuventude xunto coas facturas orixinais correspondentes aos gastos totais, unha vez rematada a actividade

TERCEIRA.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a traveso da Concellería de Xuventude:

3.1.- *Aboar a cantidade de 20.600 € ao CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL (CRAC) DE CORUXO, mediante transferencia bancaria á conta corrente número .*

3.2.- *Garantir a prestación adecuada das actividades e servizos. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

CUARTA.- O CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL (CRAC) DE CORUXO, asume as seguintes obrigas:

4.1.*Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización. Este programa será levado a cabo nas instalacións do Colexio Tintureira durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, maio, xuño, setembro, novembro e decembro do 2007.*

Para o desenvolvemento destas actividades, Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo presenta un PROXECTO onde se recollen, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I..

4.2. *Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.As actividades desenvolveranse, nas instalaciónsdo Colexio Tintureira de Coruxo. Excepcionalmente, poderanse usar outras dependencias, municipais ou non, no termo municipal de Vigo, de ser así acordado polo Concello de Vigo, atendendo ás necesidades do servizo, independentemente do número de nenas/os resultantes.*

4.3. *Prestaranse baixo a dependencia da Xefatura de Servizo da Concellería de Xuventude. Atenderáanse as orientacións que dende os programas de Intervención Comunitaria Municipal poidan facerse, cara unha complementación de ambos na atención da poboación da zona.*

4.4. *Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas*

4.5. *Cumprir o horario de prestación do Servizo que será:*

De luns a venres, en días hábiles, en horario comprendido entre as 16:30 e 20:30 hs.tódolos meses do ano a excepción dos meses de xullo e de agosto que non se prestará o servizo. Estes horarios poderán ser modificados con

autorización expresa e por escrito da xefatura do servizo de xuventude, tendo e conta, de existir, os informes da CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL (CRAC) DE CORUXO.

As funcións que correspondan ó persoal encargado das actividades desenvolveranse con carácter permanente e ininterrumpido nos días e horarios indicados.

4.6. Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do servizo. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experiencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículum.

4.7. Desenvolvemento das actividades polo persoal encargado, observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e terásese en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servizos.

4.8. Prestar o Servizo trato e sen discriminación d@s usuarios do servizo.

4.9. Dispor do material necesario para o desenvolvemento da actividade.

4.10. Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, préstamos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica, todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecemento detallado por parte do Concello de Vigo.

4.11. Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido na Ludoteca, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.

4.12. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados das actividades.

4.13. Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.

4.14. Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servizo de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.

4.15. Poñer en coñecemento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de dar o visto e prace á realización das mesmas. Isto sempre e cando se desenvolvan como complemento do programa. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvemento desta actividade , vaia ser presentada en Congresos, Encontros ou similares precisará do visto e prace do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.

4.16. Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico do servizo e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.

4.17. Adquirir, repoñer, reparar ou substituir, xogos, xoguetes, discos, e todos aqueles elementos de uso público. Presentar trimestralmente os TC2 e TC1 nos que acredite que o persoal que está dado de alta na seguridade social e que se abonan os seguros sociais

QUINTA:- O CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL (CRAC) DE CORUXO será o encargado de dispor dos medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicitación, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.

Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellería de Xuventude, Concello de Vigo.

A imaxe, logotipo, carteis, etc... que identifiquen a actividade, non poderán ser usados pola Asociación veciñal, sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a traveso da xefatura de servizo de xuventude.

SEXTA. No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do beneficiario das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

SEPTIMA O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo Servizo de Xuventude da Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento local do Excmo. Concello de Vigo.

A Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a través do Servizo de Xuventude, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

OITAVA. A aceptación por parte da Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades Xuvenís sen fin de lucro.

O Servizo de Xuventude, como órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais , poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da LXS

A entidade Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para o organización da actividade obxecto deste convenio.

NOVENA. Gastos subvencionables, xustificación, comprobación e abono da subvención.

- 9.1 Serán gastos subvencionables todos os directamente relacionados coa realización da actividade (art. 31 LXS) e recollidos no orzamento presentado polo Centro Recreativo Artístico e Cultural (CRAC) de Coruxo, incluídos os gastos financeiros correspondentes á actividade obxecto de subvención.*
- 9.2 A subvención de 20.600 € aboárase en dous pagos. Un do 50% á sinatura do presente convenio trala súa aprobación, e outro do 50% restante unha vez rematadas as actividades obxecto de convenio. O beneficiario xustificará a concesión otorgada coa presentación dunha conta xustificativa que contendrá:*
- 9.3 Unha relación clasificada dos gastos realizados, con identificación do acreedor, concepto de gasto, importe e data de emisión.*
- 9.4 Facturas orixinais dos gastos incorporados na relación anterior, nas cales deberá constar a conformidade co servizo prestado, por parte da entidade.*
- 9.5 Un certificado actualizado doutros ingresos ou subvencións que teñan financiado a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.*

A Xefa do Servizo de Xuventude será a encargada do seguimento do convenio certificará a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

O prazo máximo para xustificar será de tres meses desde o remate da actividade subvencionada.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

ANEXO I

I. FINALIDADES DOS SERVIZOS.-

As finalidades do servicio a prestar concréntanse entre outras conexas, complementarias e interrelacionadas, nas seguintes específicas:

A) LUDOTECA

- 1.- Ofrecer os servicios, actividades e recursos para que @s nen@s, e a traveso do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.
- 2.- Propiciar a práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.
- 3.- Fomentar a cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.
- 4.- Estimular a creatividade a traveso da expresión oral, plástica, etc.
- 5.- Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.
- 6.- Fomentar os hábitos de:
 - Hixiene, convivencia.
 - Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).
- 7.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).
- 8.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).
- 9.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).
- 10.- Fomentar o coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.
- 11.- Fomentar a capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.
- 12.- Fomentar o coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.
- 13.- Fomentar a capacidade de respecto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).

- 14.- *Fomentar o deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se ubica o espazo lúdico.*
- 15.- *Control e estudio dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*
- 16.- *Realizar actividades de animación a traveso do xogo.*
- 17.- *Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*
- 18.- *Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*
- 19.- *Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*
- 20.- *Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*
- 21.- *Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*
- 22.- *Buscar a integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a traveso do xogo.*

II. CONDICIÓN DE EXECUCIÓN DO SERVIZO.-

O contratista comprometerase a:

A) Desenvolver as actividades de cada un dos servizos que serán, de xeito xenérico:

1.- LUDOTECA

- Préstamo de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de préstamo de xogos e xoguetes para o exterior.*
- Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*
- Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.*
- Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.*
- Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine nese servizo.*
- Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de préstamo de xogos e xoguetes da Ludoteca*

52(986).- RECOÑECEMENTO OFICIAL DA CREACIÓN DUNHA NOVA OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL DENOMINADA PUNTO XOVE PERTENCENTE Á CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1954/336.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 8.05.07, conformado pola concelleira delegada da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

A Concellería De Xuventude ofrece os seus servizos maioritariamente centralizados na Casa da Xuventude. Dende hai uns anos iniciamos unha descentralización de infraestructuras materializada na creación de Súbete ao Castro que, dende a súa apertura, ofrece un programa de ocio e tempo libre con carácter permanente e diario. Agora e continuando esta liña de necesaria descentralización, abrimos as portas dun novo espazo adicado íntegramente ao colectivo mozo da cidade de Vigo que denominamos PUNTO XOVE.

A nosa pretensión fundamental é achegarnos á mocidade de Vigo a través da creación dun novo servizo situado no mesmo centro da cidade. Queremos incrementar as vías de intercambio e colaboración entre a mocidade e as institucións municipais. Así mesmo intentaremos colaborar no fomento da participación ofrecéndolles asesoramento e información en temas acordes cos seus intereses e as súas inquedanzas.

Este espazo está dividido en dúas plantas. Na primeira está ubicada unha oficiña de información e asesoramento xuvenil con persoal técnico especializado e unha zona de autoconsulta e demanda informativa. Na segunda planta estarán ubicados un servizo de acceso gratuito a internet con equipamento de última xeración e unha sala multiusos pensada para as entidades e particulares interesados en realizar unha exposición, unha actividade formativa...

Este PUNTO XOVE está ademáis adaptado á poboación con discapacidades físicas de xeito que ningún mozo ou moza poida ser excluído para usar estas instalacións.

Conta cos seguintes servizos:

Atención directa e personalizada sobre todos aqueles temas de interese para a mocidade:

- *Ensino*
- *Emprego*
- *Ocio e tempo de lecer*
- *Turismo*
- *Informe Proposta Punto Xove*
- *Saúde*
- *Vivenda*
- *Asociacionismo e participación*
- *Ong´s e cooperación internacional*

Tramitación do Carné Xove.

Autoconsulta e Fondo Documental.

- Paneis informativos sobre convocatorias actualizadas que fan referencia a diferentes temas: cursos e xornadas, ofertas de emprego, bolsas e axudas, premios e concursos, viaxes...

- Prensa diaria tanto local como nacional e diferentes publicacións de temática especialmente xuvenil: guías de recursos, directorios, guías de turismo, dossieres, suplementos, revistas, boletíns, folletos, dipticos...

ALI (Acceso libre a Internet)

Durante 1 hora diaria @s usuari@s poden facer uso según as normas estipuladas.

- 7 ordenadores con webcam
- 3 impresoras
- Conexión wifi

Rincón artístico

Lugar acondicionado para a programación de exposicións de arte ou de expresións de interese xuvenil

- Exposicións
- Audiovisuais

Sala multiusos

O Punto xove estára aberto tanto para a realización de actividades programadas pola propia Concellaría, coma para o uso e disfrute das asociacións e grupos de moz@s da cidade para a realización de diferentes actividades: charlas, proxeccións, exposicións, xornadas, traballos en grupo, etc.

Esta sala conta cun proxector de power point.

En consecuencia queremos solicitar o recoñecemento oficial por parte da Xunta de Galicia deste novo servizo de información xuvenil para formar parte da rede autonómica de oficiñas e puntos de información xuvenil e así optar ás axudas e demais vantaxes que se ofrecen dende a Rede Galega.

Un dos requisitos necesarios para integrarse na rede estipulado no Decreto 50/2000, no capítulo III, artigo 106, é o achegamento dun certificado do acordo do órgano competente polo que se crea esta nova oficiña de información xuvenil.

De maneira que, co obxecto de que esta nova oficiña de información xuvenil da Concellaría de Xuventude sexa recoñecida e integrada na Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil de Galicia, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“ 1.- Aprobar a creación duna nova oficiña de información xuvenil denominada PUNTO XOVE pertencente á Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

2.- Que o horario deste novo servizo será:

Luns a venres de 9:30 a 14 hs

Luns a xoves de 17 a 20 hs.

3.- Que o PUNTO XOVE estará ubicado na rúa Lopez de Neira nº 27 de Vigo.”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

53(987).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE COMPAÑÍA IBÉRICA DE GRANITOS S.A. POLA RETIRADA E POSTERIOR INSTALACIÓN DO ESCUDO DA ALCALDÍA. EXPTE. 12088/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral do 31.05.07, e de acordo co informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais do 15.05.07, conformado polo concelleiro de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer unha indemnización substitutoria por importe de 48.011,24 Euros a favor da empresa Compañía Ibérica de Granitos, S.A. Polos traballos de desmontaxe, reparación, traslado e montaxe do escudo da fachada do edificio da nova sede da Alcaldía de Vigo na Rúa Areal, con cargo á partida 1210.212.0000.

2º.- Do presente expediente no caso de ser aprobado na Xunta de Goberno Local, deberá darse conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre de conformidade co previsto nas bases de execución do presuposto.

54(988).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ELSAMEX POLOS SERVIZOS DE MANTEMENTO PRESTADOS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS. EXPTE. 7934/255.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Interventor Xeral do 30.05.07, e de acordo co informe-proposta da xefa de Cemiterios do 22.05.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións do gasto realizado sen fiscalización previa que figura nas facturas 2589/07 e 3319/07 que se achegan no expediente, de conformidade coa base 28 dos de execución do orzamento xeral para o exercicio prorrogado do 2007, por importe total de 22.439,34 € por todos os conceptos, a favor de ELSAMEX S.A. Cif A28/504728, con cargo á partida 4430.2770600 “Mantemento xardíns e cemiterios” ou a súa bolsa de vinculación.

2º.- Recoñecemento a obriga e dispoñer o gasto a favor de ELSAMEX S.A. Cif A28/504728, con cargo á partida 4430.227.0600, por importe total de 22.439,34 €.

55(989).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN FESTIVAL AÉREO DE VIGO PARA A ORGANIZAICÓN DO FESTIVAL AÉREO DE VIGO 2007. EXPTE. 10270/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 1.06.07, e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 28.05.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación “Festival Aéreo de Vigo” para a organización e desenvolvemento do *Festival Aéreo de Vigo 2007*, que se celebrará o día 22 de xullo.

2º. Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o convenio.

3º. Autorizar un gasto por un importe total de 35.000.-€, con cargo á partida 451.0.227.06.09 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio, para facer fronte ao estipulado no convenio e que se aboará á Asociación “Festival Aéreo de Vigo”, CIF G-36987139.

4º. Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA-CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.”

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL AÉREO DE VIGO 2007

Vigo, o XXXXXXXX de XXXXXXXXXXXX de dous mil sete.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, na súa calidade de CONCELLEIRO DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS e en representación do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. PABLO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, NIF 34.969.976-V, na súa calidade de PRESIDENTE e en representación da entidade denominada ASOCIACIÓN FESTIVAL AÉREO DE VIGO, CIF G-36987139, e con enderezo en Vigo, rúa García Barbón, 64, 4º A, CP 36201; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

- 1. Que a Concellaría de Asuntos Sociais-Cultura ten entre as súas principais competencias a promoción, difusión e apoio de todo tipo de espectáculos culturais ao longo de todo o ano, por distintos lugares da cidade e dirixido a todo tipo de públicos.*
- 2. Que o ASOCIACIÓN FESTIVAL AÉREO DE VIGO mailo Concello de Vigo teñen organizado nos últimos anos unha serie de exhibicións aéreas, coa participación de patrullas militares e pilotos civís, cun enorme éxito de convocatoria.*
- 3. Que o ASOCIACIÓN FESTIVAL AÉREO DE VIGO está en condicións de organizar este ano un novo Festival Aéreo.*

Por este motivo, o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN FESTIVAL AÉREO DE VIGO establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é a programación e organización do Festival Aéreo de Vigo 2007, que se celebrará na praia de Samil da cidade de Vigo o domingo 22 de xullo, según o programa presentado pola ENTIDADE e que se inclúe como anexo do presente convenio.

SEGUNDA.- Presuposto e financiamento.

O presuposto xeral destas actividades, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende, según orzamento presentado pola ENTIDADE e que se inclúe como anexo do presente convenio, a 77.450.-€ dos que O CONCELLO aportará 35.000.-€ (TRINTA E CINCO MIL EUROS), que serán financiados polo Concello de Vigo a través do presente convenio e serán aplicados á partida 451.0.227.06.09 do programa presupostario de Cultura prorrogado para o presente exercicio.

TERCEIRA.- Obrigas da entidade.

As obrigas que asume A ENTIDADE respecto ao Concello de Vigo son as seguintes:

1. Seleccionar en coordinación co Concello de Vigo ás compañías aéreas que participarán neste programa e xestionar directamente todas as cuestións referentes ás mesmas.
2. Xestionar a organización e coordinación xeral de todas as actividades que forman o programa obxecto deste convenio.
3. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, comprobando coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias para o bó desenvolvemento das actividades.
4. Asumir todos os posibles gastos que se deriven da contratación das compañías participantes no programa; así mesmo, serán os únicos responsables de realizar os pagamentos a cada unha delas.
5. Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria-avaliación do programa de actividades obxecto deste convenio dentro dos quince días hábiles seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: afluencias de público, memoria de prensa, rexistro fotográfico ou audiovisual, informe de incidencias, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados, acompañando a documentación xustificativa correspondente.
6. Contar ao seu cargo con todos os seguros necesarios para este tipo de eventos, según a lexislación vixente.

QUINTA.- Obrigas do Concello-Concellaría de Asuntos Sociais.

As obrigas que asume o Concello de Vigo respecto á ENTIDADE son as seguintes:

- Aportar a cantidade total de 35.000.-€, para a organización e realización do programa.
- Xestionar os permisos de carácter municipal que se requiran para o desenvolvemento do programa.

SEXTA.- Mecanismo de seguimento.

O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a ENTIDADE e á presenza do persoal técnico municipal nas propias actividades programadas.

SÉTIMA.- Forma de pagamento.

O pagamento da cantidade estipulada na cláusula segunda deste convenio farase segundo o seguinte detalle:

- Un primeiro pagamento de 15.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0040 66 0040018278 da que é titular a ENTIDADE, que se realizará o día 19 de XULLO.
- Un segundo e derradeiro pagamento por un importe de 20.000.-€, efectuarase por transferencia bancaria á mencionada conta, trala conformidade do persoal técnico municipal ao desenvolvemento xeral do festival e á

memoria-avaliación estipulada na cláusula terceira, apartado 5, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

OITAVA.- Difusión e información.

Toda a información sobre o festival, especialmente no material gráfico, estarán integramente en idioma galego. O material editado deberá contar coa conformidade previa do departamento de Cultura e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

NOVENA.- Vixencia, prorrogabilidade e mecanismos de denuncia.

A vixencia do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2007. Así mesmo, este convenio non será prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita oficial (a través do Rexistro Xeral) cunha antelación mínima de un mes.

DÉCIMA.- Outros compromisos.

O Concello de Vigo e a entidade asinante non asumen ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución de controversias.

A Alcaldesa queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e bó desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e a un so efecto o presente convenio, no lugar e a data que se indican.

56(990).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE MUSEALIZACION DA VILA ROMANA DE TORALLA (2ª FASE). EXPTE. 3517/307.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable, do 1.06.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 31.05.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto modificado sen incremento económico do proxecto arquitectónico das obras de musealización da vila romana de Toralla (2ª fase de construción) redactado polos arquitectos Juan Luis Piñeiro Ferradas e David Carvajal Rodríguez Cadarso e encomendar a súa execución a empresa Norvial, S.L.

57(991).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.